

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2016 DE NÚM. 14/2016.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, das actas N° 6/2016 da sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio, e das actas N° 12/2016 e N° 13/2016 das sesións extraordinarias celebradas os días 8 de setembro e 6 de outubro de 2016, respectivamente.....	Páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 4
3.- Expediente de modificación de créditos N° 11-P/2016. Suplemento de crédito e crédito extraordinario.....	Páx. 8
4.- Expediente de modificación das ordenanzas fiscais.....	Páx. 14
5.- Dación de conta do decreto de Alcaldía en funcións e da Resolución da Vicepresidencia do Padroado Cultural, ambos de data 30 de setembro de 2016 polos que se declara indefinido ao persoal do Padroado Cultural e do informe emitido conxuntamente polo Secretario e a Interventora Municipais de data 30 de setembro de 2016.....	Páx. 27
6.- Comparecencia do Sr. Alcalde, a petición propia, para dar conta das xestións e medidas que se están a adoptar para regularizar a situación dos empregados públicos contratados en fraude de lei.....	Páx. 28
7.- Expediente de solicitude de declaración de ENIL da Fraga de Casas Vellas.....	Páx. 34
8.- Moción do grupo de goberno para instar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a asinar un Convenio co Concello de Lalín para a mellora integral da rúa Areal e da rúa da Ponte.....	Páx. 39
9.- Moción do grupo de goberno para reclamar a ampliación das prazas de comedor do Colexio Público Xesús Golmar e solicitar a construción dun patio cuberto.....	Páx. 42
10.- Moción do grupo de goberno de condena ao transfuguismo.....	Páx. 46
11.- Moción do PP para a supresión da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.....	Páx. 50
12.- Moción do PP solicitando a devolución ao Pleno das competencias cedidas na sesión de 3 de xullo de 2015 á Xunta de Goberno Local.....	Páx. 51
13.- Moción do Sr. Concelleiro non adscrito solicitando axudas económicas para as catro bandas de Lalín.....	Páx. 52
14.- Moción do Concelleiro non adscrito para reprobar ao goberno o uso partidario da páxina web oficial do Concello de Lalín e dos seus perfís oficiais nas redes sociais...	Páx. 56
15.- Rogos e preguntas.....	Páx. 57

Sendo as dez horas do xoves, **día 27 de outubro de 2016**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Marta Oviedo Creo*

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 06/2016 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO E Nº 12/2016 E Nº 13/2016 DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 8 DE SETEMBRO E 6 DE OUTUBRO DE 2016, RESPECTIVAMENTE.

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 6/2016 da sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio, e das actas Nº 12/2016 e Nº 13/2016 das sesións extraordinarias celebradas os días 8 de setembro e 6 de outubro de 2016, respectivamente.

De seguido o *Sr. Presidente* preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer ás mesmas.

En primeiro lugar, o *Sr. Secretario* indicou que no punto 6º da Acta Nº 12/2016 da sesión plenaria extraordinaria de 8 de outubro de 2016, en relación co acordo da parte dispositiva da moción aprobada, recollíase en tres apartados do acordo o verbo “*requirir*” á Xunta de Galicia determinadas actuacións. Coidaba que este termo non era o máis axeitado nin o máis proporcionado para dirixirse e solicitar as ditas peticións a unha Administración independente, como era a Xunta de Galicia. Por elo propuxo que se cambiase dito verbo nos tres puntos da parte dispositiva da moción, polo de “*solicitar*”.

Desde o banco popular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, indicou que a moción era do grupo de goberno e que non tiña inconveniente.

Por parte do equipo de goberno propoñente da moción, *D. Nicolás González Casares* manifestou estar de acordo en cambiar o dito termo polo de solicitar.

No tocante á Acta Nº 6/2016 da sesión ordinaria de 26 de maio de 2016, *D^a. Eva María Montoto Méndez* dixo non estar de acordo, tal e como se recollía na acta, no punto de rogos e preguntas no que ela entendeu xunto co Sr. Alcalde, xa que entendía que non reflectía o que pasou no mesmo.

Tras expoñer as súas observacións, acordouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobar as actas N° 12/2016 e N° 13/2016 das sesións extraordinarias celebradas os días 8 de setembro e 6 de outubro de 2016, respectivamente, e por **MAIORÍA** dos membros, con 11 votos a favor, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito, e dez (10) do PP en contra, a acta N° 6/2016 da sesión ordinaria de data 26 de maio de 2016, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 11-P/2016. SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de outubro de 2016. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 24 de outubro de 2016.***

Na ronda de voceiros, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** foi explicando as distintas obras e actuacións que se recollían no Expediente, reclamando para elo o apoio do PP. Indicou que nalgunha obra, como era a de sinalización da Praza de Abastos, había que pedir unha prórroga á Xunta de Galicia, xa que desde que se notificou a concesión ata efectuala e xustificala, non había tempo material para cumprir os prazos. Tamén explicou que se recollían equipamentos para a Sala de Loriga no Pazo de Liñares e as beirarrúas na rúa da Ponte.

Así mesmo referiuse á obra da calexa entre a rúa Rosalía de Castro coas escaleiras e a Avenida Bos Aires, polo seu pésimo estado de abandono. A actuación tiña por obxecto mellorar o estado da mesma e o seu atractivo, suavizando as pendentas que presentaba e ofrecendo unha mellor imaxe que da que tiña hoxe.

Tamén desde o grupo de goberno ***D. Nicolás González Casares*** indicou que as actuacións no Lalín Arena referíanse á zona de apertura e ao ximnasio, así como á adquisición de material diverso para melloras nas áreas deportivas e á compra de material docente no Plan de Reanimación Cardiopulmonar.

O concelleiro non adscrito ***D. Juan José Cruz García*** pediu votar e tratar por separado as distintas actuacións. Así referiuse ao tema das escaleiras na rúa Rosalía de Castro, e ao compromiso que lle deu o goberno municipal de facer un seguimento desta actuación á empresa contratista, pedindo tamén que se lle informe sobre o que tiña solicitado.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** salientou que non había problema en facilitarlle a información pedida, xa que era a única que se aprobou. Indicou que esta segunda obra non tiña nada que ver coa primeira parte que se lle adxudicou.

Desde o P. Popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** adiantou que o seu grupo non se ía opoñer a ningunha das actuacións previstas no expediente. Tamén pedía que se votase individualmente cada unha delas. Referiuse tamén a que habería que comprar maniqués para bebés e outro material didáctico (RCP) para facer prácticas no Concello.

De novo **D. Nicolás González Casares** dixo que o que pedía o edil popular podía ser factible. Reiterou que, de non aprobarse este expediente agora e ter que levar o expediente ao vindeiro Pleno, xa non habería tempo para tramitar as actuacións. Había que sacalo e aprobalo adiante xa.

Rematou **D. José Antonio Rodríguez Fernández** para reiterar que o seu grupo se ía abster.

A Presidencia introduciu unha emenda a petición do grupo popular, para votar cada aplicación orzamentaria que se propoñía, separadamente.

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada pola Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a emenda.

Sometida a votación ordinaria a proposta coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

1.- Primeira medida da proposta:

Dotar de crédito extraordinario á aplicación 153.2.619.44 “Pavimentación de vías públicas. Reparacións beirarrúa rúa da Ponte”, por importe de 19.918,57 euros.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta primeira

medida da proposta da Alcaldía.

2.- Segunda medida da proposta:

Dotar de crédito extraordinario á aplicación 2418.623.36 “Obradoiro de Emprego. Regrueso e Cepilladora obradoiro” por importe de 14.400,00 euros.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta segunda medida da proposta da Alcaldía.

3.- Terceira medida da proposta:

Dotar de crédito extraordinario á aplicación 342.625.11 “Instalacións Deportivas. Equipamento deportivo Arena” por importe de 6.094,77 euros.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta terceira medida da proposta da Alcaldía.

4.- Cuarta medida da proposta:

Dotar de crédito extraordinario á aplicación 311.629.04 “Protección da salubridade pública. Material Docente Soporte Vital Básico” por importe de 2.550,68 euros.

En relación con esta medida da Proposta, o PP propuxo introducir unha emenda para que se incrementase o importe da modificación orzamentaria traída ao Pleno, polo que a Presidencia **RETIROU** a medida da proposta para votala con posterioridade, trala ampliación orzamentaria.

Dita ampliación orzamentaria e a súa correspondente votación leváronse a cabo xa nesta mesma sesión Plenaria, tralo debate e votación do punto cuarto da orde do día relativo ao Expediente de modificación das Ordenanzas Fiscais e debido á urxente e inaprazable necesidade de realizar gastos que non podían demorarse ata o exercicio seguinte. Non obstante por coherencia na elaboración da presente Acta, neste mesmo apartado recóllese a modificación orzamentaria introducida por URXENCIA.

Introduciuse POR URXENCIA a modificación de Créditos en relación á cuarta medida da proposta tratada previamente no Expediente de Modificación de Créditos N° 11-P/2016, punto terceiro da orde do día do Pleno, que se retirou da proposta para introducir unha emenda para ampliación orzamentaria.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** da proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **RATIFICOUSE A URXENCIA** da modificación proposta.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** membros da Corporación, **APROBOUSE** a modificación da proposta co seguinte resultado:

Dotar de crédito extraordinario á aplicación 311.629.04 “Protección da salubridade pública. Material Docente Soporte Vital Básico” por importe de 2.974,18 euros.

5.- Quinta medida da proposta:

Dotar de crédito extraordinario á aplicación 333.625.08 “Equipamentos Culturais e museos. Mobiliario Pazo de Liñares” por importe de 26.400,00 euros.

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG

Votos en contra: ningún

Abstencións: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta quinta medida da proposta da Alcaldía.

6.- Sexta medida da proposta:

Dotar de suplemento de crédito á aplicación 153.2.619.35 “Pavimentación de vías públicas. Modificación escaleira paso entre Avenda. Bos Aires e Rúa Rosalía” por importe de 5.549,14 euros.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta sexta medida da proposta da Alcaldía.

7.- Sétima medida da proposta:

Dotar de suplemento de crédito á aplicación 342.625.11 “Mercados, Abastos e Lonxas. Instalación Cartel e outras actuacións na Praza de Abastos” por importe de 2.248,04 euros.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** esta sétima medida da proposta da Alcaldía.

Tras a votación do expediente coa emenda incorporada, **APROBOUSE** o expediente co seguinte contido:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 11-P/2016, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización de diversas actuacións tales como:

- Compra-adquisición de material deportivo para o Lalín Arena.
- Adquisición dunha máquina regreso e cepilladora para desenvolver en mellores condicións o obradoiro de emprego na especialidade de Instalación de elementos de carpintería.
- Adquisición de material docente de Soporte vital básico, para a formación de persoal municipal en grupos de 20 persoas dentro do programa Lalín Cardioprotexido.

Por outra parte suplementase o crédito en:

- Trátase de suplementar a correspondente aplicación orzamentaria co obxecto de dotar crédito para a achega municipal necesaria de cara á execución do investimento denominado “Actuacións varias na praza de abastos”, para o cal por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria se concedeu unha subvención por importe de 5.245,41 €; esta axuda, que representa o 70 % sobre o orzamento elixible do proxecto: 7.493,45 € (IVE incluído), concedeuse ao abeiro da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2016). Procedemento IN223A-2016.
- É de suplementar a aplicación orzamentaria 1532.619.35 denominada “*Modificación Escalera de paso entre a Avda. Bos Aires e rúa Rosalía*” co obxecto de dar continuidade a rampla de formigón existente ata a Avda. Bos Aires. Esta rampla é necesaria, posto que a existente, de formigón, presentaba gretas, desconchados, baches, en resumo está en moi mal estado.

Todos eran investimentos que urxía acometer para que as infraestruturas, instalacións e servizos municipais cumpran axeitadamente a súa función.

Á vista da documentación que se achega, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
153.2.619.44	Pavimentación de vías Públicas	19.918,57
2418.623.36	Reparacións Beirarrúa rúa Ponte Obradoiro de Emprego	14.400,00
342.625.11	Regrueso e Cepilladora Obradoiro	6.094,77
311.629.04	Instalacións Deportivas Equipamento deportivo Arena	2.974,18
333.625.08	Protección da salubridade pública Material Docente Soporte Vital Básico Equipamentos culturais e museos Mobiliario Pazo Liñares	26.400,00
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		69.787,52 €

2- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
-------------------	---------------------	------------------

153.2.619.35	Pavimentación de vías Públicas	5.549,14
	Modificación escaleira paso entre Avda. Bos Aires e rúa Rosalía	
4312.622.46	Mercados, Abastos e Lonxas	2.248,04
	Instalación Cartel e outras actuacións na Praza de Abastos	
TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO		7.797,18 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2015, reflectido orzamentariamente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xe-rais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2016. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 24 de outubro de 2016.***

Na defensa da proposta interviu **D^a. Teresa Varela Fisteus**, Concelleira Delegada de Facenda, que describiu as modificacións das ordenanzas fiscais, unha a unha, segundo constaba no expediente.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** deulle a palabra ao grupo popular por coherencia, dado que neste punto do Pleno se decidiu incorporar ao debate e ulterior votación, o punto 11 da orde do día, a moción do PP para a supresión da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Dende o grupo popular **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, dixo que durante a súa intervención, ía mostrar a intención de voto do seu grupo e a facer certas consideracións aos datos dados na defensa da proposta por parte da Concelleira Delegada de Facenda.

En canto á Ordenanza de Servizos Públicos e Sumidoiros, o voto sería favorable.

Acerca da Ordenanza reguladora do IBI, dixo que o seu grupo facía un ano que presentou ao Pleno unha proposta para non subir este imposto aos veciños de Lalín, e o grupo de goberno argumentou entón que non se podía facer, porque economicamente era inviable; pero un ano despois establecía o tipo impositivo que pedía o PP naquela proposta, nun 0,4 %. Por iso entendía que o Concello tiña remanentes de Tesourería para facelo e estaban a favor de facelo así.

Sobre a Ordenanza Reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, luz, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais, non se ían opoñer a modificala tampouco.

En relación á Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de difusión de espazos publicitarios pola Emisora municipal de Radio, a pesar de que falaba a Concelleira Delegada dunha baixada, ao tarifar o IVE quedarían igual, polo que estaban a favor e votarían a favor tamén.

No referente á Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, o voto sería en contra da modificación da Ordenanza porque a súa intención era que este imposto desaparecese e por iso, presentaron unha moción para derogala que se ía debater neste punto da orde do día.

Na Ordenanza Reguladora pola prestación do servizo de campamentos e da Escola de Verán do Concello de Lalín, a modificación ía supoñer unha suba e polo tanto, ían votar en contra desta modificación. Para o grupo popular era unha actividade claramente social segundo o artigo 44 LBRL e permitía que moitas familias disfrutasen deste servizo no verán para unha mellor conciliación coa vida laboral. Por elo que aínda que o servizo fose deficitario como se argumentaba no Informe aportado no Expediente de Modificación traído ao Pleno, consideraban que o Concello de Lalín debía cubri-lo e non eliminalo; por iso votarían en contra.

Tamén sobre a nova Ordenanza Reguladora da taxa polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande, consideraba que se ían abster porque cambiaba o tipo impositivo e non ían votar en contra.

Esa era a intención de voto do grupo popular: a favor da baixada da contribución urbana e dos abastecementos de servizos e sumidoiros, abstención nas modificacións das ordenanzas dos caixeiros, servizos publicitarios da radio municipal e do Parking Europa, e en contra da ordenanza reguladora das plusvalías, da modificación do servizo dos Campamentos do Verán.

Acerca das plusvalías, presentaron dende o grupo popular unha moción a debater neste punto da orde do día. Cando se falaba deste imposto había dúas vertentes: unha social e unha recatoria. O incremento do valor dos terreos de natureza urbana era un imposto que gravaba o incremento que experimenta o solo urbano durante o tempo que por exemplo un lalinense era propietario dun piso ou dun solar. Deste xeito cando un veciño de Lalín vendía un piso, este

imposto debía ser liquidado, pero tamén se liquidaba de novo coa declaración do IRPF. Polo tanto, había unha dobre imposición clara.

Para as familias existía a posibilidade de reclamar o pago efectuado por este imposto cualificado polos xuíces e pola doutrina como inxusto, pero a reclamación gañábana finalmente os Concellos polo amparo outorgado pola Lei reguladora das Facendas Locais, e despois as familias xa só podían acudir a un procedemento contencioso-administrativo. Coa liquidación en contía inferior a 5.000 euros xa se recomendaba que non se fixese. Socialmente era un imposto moi inxusto. Ao tratarse dun imposto potestativo, dende o grupo popular xa había un ano que pediran a anulación do mesmo por parte do goberno.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediulle que fose rematando nesta primeira intervención.

Dende o seu grupo popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** indicou que pedían a supresión deste tipo impositivo por considerar que o Concello podía asumilo, que non era xusto e polo tanto, pedían a derogación da Ordenanza e a supresión do tipo de gravame.

A continuación o concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, interviu para anunciar o sentido do seu voto, dicindo que ía apoiar as ordenanzas, pero no caso das plusvalías ía esperar ata o final do debate para pronunciarse.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediu que interviñese a Sra. *Interventora* sobre as repercusións da aprobación da moción proposta polo PP en canto á plusvalía e pediu que constasen en acta as palabras da mesma.

Tendo a palabra a Sra. *Interventora*, esta funcionaria aclarou a nivel técnico varios conceptos.

Dixo que “o Concello de Lalín contaba con Tesourería e estabilidade. Os gastos viñan delimitados pola estabilidade e pola regra de gasto. A estabilidade en termos brutos sería Capítulo I a VII de ingresos e Capítulo I a VII de gastos; a diferenza que había entre ingresos e gastos no Concello de Lalín, tendo en conta que había amortización de débeda, estaba normalmente en millón ou millón e medio de euros, existindo un marxe para remanentes e redución de impostos.

Pero o gasto nos Concellos tamén se mantiña pola regra de gasto que viña determinada polas obrigas recoñecidas no exercicio anterior incrementadas por un porcentaxe marcado polo Goberno do Estado, que para o ano 2017 se aprobou no exercicio 2015, e ao estar o goberno en funcións non se modificou, sendo un 2,1% polo que segundo as obrigas recoñecidas nese momento, eliminado o Parking, porque este computou no ano 2015, incrementaríase 2,1% e reduciríase en base ao artigo 12.4 da LO 2/2012, de estabilidade e sostibilidade financeira, en tódolos cambios normativos que supuxeran unha redución de ingresos ao igual que se incrementaríase a regra de gasto polas modificacións normativas que supuxeran incrementos de recadación, co cal, estaríase falando de reducir a regra de gasto coa proposta que estaba Pleno do goberno neste momento en 493.000 euros e no caso de reducir totalmente as plusvalías como se pedía na moción do PP, habería que facer unha estimación de media dos tres últimos exercicios recadados, en torno aos 290.000 euros, polo que estaríamos falando de 740.000 euros menos de regra de gasto para o exercicio 2017. Iso significaba que, tendo en conta os gastos que eran obrigatorios, se falaría de amortización de débeda que non

computaba en regra de gasto nin intereses que tampouco computaban en regra de gasto, pero si o Capítulo I e o Capítulo II (enerxía eléctrica ou subministros diferenciados sen ter en conta os gastos discrecionais por parte do grupo de goberno) o que deixaría acoutada unha cantidade moi baixa para calquera actuación potestativa, dígase investimentos ou dígase subvencións ou actividades culturais ou deportivas”.

D. Rafael Cuiña Aparicio preguntou entón se se estaba poñendo en risco o feito de celebrar no Concello de Lalín actividade deportivas, culturais...

A *Sra. Interventora* matizou que, en función da regra de gasto, ía ter que decidir o Concello que gasto que se facía ou non.

D. Rafael Cuiña Aparicio preguntou entón se no ano próximo cando tivesen que modificar 400.000 euros para fondos europeos máis o que habería que pagar en materia de regularización de persoal, bloquearíase a posibilidade de poder facer modificacións de crédito potencialmente. Habería que ver punto por punto pero en principio sería así.

A *Sra. Interventora* dixo que así era potencialmente, que habería que ver punto por punto segundo as contías pero que sería así.

D. Rafael Cuiña Aparicio dixo que a *Sra. Interventora* fora clara en canto ás consecuencias de saír adiante a moción do PP: non se podería investir en modificacións para os veciños, tampouco se podería investir parte dos cinco millóns que había que modificar para complementar dos Plans Europeos e poñeríase en risco o equilibrio financeiro do Concello e a posibilidade de sacar plans para solventar as necesidades dos veciños, e incluso nos orzamentos, calquera Concelleiro que quixese facer calquera proposta que se puidese negociar veríase bloqueado pola imposibilidade dende un punto de vista da regra de gasto. A posibilidade de investimento, non no goberno de Lalín senón nos veciños, quedaría bloqueada ao aprobarse a moción do PP para supresión das plusvalías.

Tomou a palabra, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, para dicir que o debate debía ser político e non técnico, xa que o importante era mellorar as condicións dos veciños. Enfocar o debate dende un punto de vista técnico non era correcto, porque debía ser político e de responsabilidades.

Deixou claro que esta era a maior baixada de impostos efectuada no Concello de Lalín e o era porque o goberno decidiu tomar esa decisión política. Era un esforzo enorme que non poñía en perigo a estabilidade orzamentaria do Concello.

Considerou que había membros do Pleno que mantiveron sempre a mesma posición dentro ou fóra do goberno. Defendeu que agora se estaba a levar a cabo unha política fiscal igual para todos, non para uns poucos, para que así as familias tivesen unha maior capacidade de gasto no seu día a día.

Tratábase de retocar impostos importantes que sustentaban os ingresos dun Concello como Lalín e considerou que así se corruxían as desigualdades que o goberno popular propiciara no pobo lalinense. Coa proposta do goberno actual, o IBI quedaba coa mínima baixada que se permitía legalmente e era unha baixada ademais lineal para todos por igual e por segunda vez no goberno.

O PP era o responsable do aumento do IBI para recadar fondos e remitiuse as tres actas nas

que o PP aprobou subidas do IBI, que eran as dos anos 2003, do 2004 e do 2009. Puxo exemplos de recibos do IBI que se incrementaron co goberno popular sobre un 180 % en dez anos. Sostivo que o PP defendía que o IBI era un imposto xusto, pero non o era para el; de feito consideraba que con esta baixada neste imposto do goberno actual, seguían a pagar os veciños de Lalín máis do que debían con este imposto.

Lembrou que a xestión do IBI na política do PP foi a de subir o imposto en tempos de bonanza, pero non o baixaron nos tempos de crise. Nunca introduciron nada, ningún cambio nas plusvalías durante os mandatos do grupo popular. Durante a xestión de goberno do PP a presión fiscal en dez anos pasou de 110 a 279 euros por habitante, aumentaron a presión fiscal un 154 %.

Considerou que con esta medida, coa moción que estaba a propoñer, o PP quería afogar o goberno e o pobo de Lalín. Resaltou que mentres gobernaron non fixeron propostas nin para rebaixar nin para eliminar as plusvalías. Finalmente reiterou que esta que se propuña desde o goberno era a maior baixada de impostos que houbo no goberno de Lalín.

Tomou a palabra o Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares**, que reiterou tamén que esta era a maior baixada impositiva do goberno de Lalín, sendo unha baixada responsable.

Defendeu que era partidario da eliminación progresiva do imposto das plusvalías pero de xeito responsable, porque precisamente agora acababan de recibirse 5.000.000 de euros e había que tratar de responder a eses fondos europeos, porque xa explicara a *Sra. Interventora* o que podía pasar.

Apelou á responsabilidade de xeito reiterado e dixo que o IBI en tempos do goberno do PP no Concello de Lalín, subira por imperativo legal por esixencias por parte do Estado Central. Pero ese imperativo legal por parte do Estado Central era finalmente do PP porque era o partido que gobernaba tamén no Goberno do Estado e o PP de Lalín non fixera nada ao respecto desa subida, só cando deixaron o goberno, como oposición, pediron a baixada do imposto. Por iso durante a crise, os veciños de Lalín foi cando máis IBI pagaron. Por imperativo legal era pois unha decisión política.

A eliminación progresiva do imposto de plusvalías permitiría non afogar ao Concello. Pediu ao Sr. Crespo, que como Senador, levase a cabo iniciativas no Senado para eliminar trabas que impuxo o *Sr. Montoro* e na tramitación esperaba que estivese en iniciativas para derogar as leis que causaban trabas e que nos presupostos xerais fixese o posible para que non se subise o IBI.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** respondeu que había que cumprir con Europa e que no Goberno Central se ía dar a mesma situación que no Concello de Lalín.

O *Sr. Alcalde*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, pediu entón que non se entrase en debate e que se respectasen as quedas.

Continuou falando **D. Nicolás González Casares** que dixo que posiblemente a prórroga dos Presupostos Xerais do Estado ía levar aparellada unha suba do IBI.

Sinalou que o PP estaba errado en canto á modificación da Ordenanza Reguladora pola prestación do servizo de campamentos e da Escola de Verán do Concello de Lalín, porque no artigo 5 das bonificacións, ademais de bonificar, coma antes, a persoas preceptoras de RISGA que non eran na práctica os que maior uso facían dos Campamentos, ultimábase agora un

baremo de ingresos, coma nas Bolsas escolares, para que puidesen desfrutar dos Campamentos máis familias que antes e adaptar o servizo á realidade.

Dende o grupo popular **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, precisou que este era un Expediente de Modificación para o ano 2017 e doutra banda, **D. Francisco Xavier Vilariño** fixo referencia na súa quenda a anos aos que gobernara o PP nos que a situación económica era moi diferente da situación actual.

Por alusións, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que falara dos anos 2003 ao 2015 polo que incluía épocas mellores e peores a nivel económico.

D. José Antonio Rodríguez Fernández resaltou que a situación actual era peor e que dende o grupo de goberno falaban da baixada do IBI pero no Plan Económico Financeiro falaban da subida do tipo do IBI. Polo tanto a baixada non era tal. Era antisocial porque era unha baixada non progresiva pola cal na práctica os recibos máis altos, baixaran, e os máis baixos, subiran.

Recordoulle ao Tenente de Alcalde que no ano 2015 o PSOE pedía eliminar as plusvalías durante a campaña electoral.

Salientou o que se deixaba de recadar quedaba no peto dos lalinenses. Ao recadar menos, había menos ingresos, pero había que ter en conta que ía haber novas altas catastrais ao eliminar este imposto de plusvalías, e polo tanto había unha fonte de ingresos que ía suplir a outra falta de ingresos. Consideraba que o Concello podía acometer a eliminación deste imposto e dende o servizo de Intervención falábase no Informe que se levou ao Pleno coa proposta de “*que podería existir un posible desequilibrio*”. Explicou que a regra de gasto era un instrumento de disciplina orzamentaria, e había un principio claro que era o principio de xestión eficiente que obrigaba a facer unha xestión eficaz dos recursos existentes.

En canto aos campamentos afirmou non estar en contra da ampliación das bonificacións a outros beneficiarios non preceptores da RISGA, senón que estaban en contra das subidas que se producían nalgúns casos que non entraban nas bonificacións porque dixo que se ían ter en conta as declaracións da Renda e non era un baremo xusto. Polo tanto pedían que non se subisen, aínda que se ampliases as bonificacións.

D. Nicolás González Casares defendeu que eran pequenas subidas e só en certos casos nos que só se incluían familias con recursos. O importante era a ampliación das bonificacións para as familias sen recursos.

Neste punto houbo un pequeno debate sobre a Escola de Verán.

Afirmou **D. Rafael Cuíña Aparicio** que, se despois do que explicou a **Sra. Interventora** en canto ás consecuencias económicas que se ían producir, se aprobaba a moción do PP, consideraba que, en termos políticos, o grupo popular estaba a facer unha especie de declaración de guerra contra as necesidades dos veciños de Lalín.

Preguntoulle aos membros do PP se crían que eles eran os grandes beneficiarios das baixadas de impostos no Concello de Lalín e díxolle que non o eran porque a maior baixada de impostos no Concello de Lalín estaba a levala cabo o goberno actual.

De seguido leu o Informe de Intervención levado ao Pleno e literalmente dixo: “*Tendo en conta a proposta de modificación de Ordenanzas para o ano 2017, na que se propón entre*

outras cousas, baixar o tipo de IBI urbano do 0,46 ao 0,40% e a baixada do tipo do Imposto no incremento do valor dos terreos de natureza urbana que implica unha diminución da cota tributaria do 15%, o que suporía no caso de aprobarse reducir o límite da regra de gasto, artigo 14.2, en aproximadamente 493,600 euros, o que complicará a posibilidade de incorporar remanentes cumprindo coa normativa de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira”.

Isto, matizou **o Sr. Alcalde**, coa redución do imposto de plusvalías nun 15 %, polo que dixo que se imaxinasen as consecuencias se se reducise un 100 % como pedía a moción do PP.

Rematou pedindo que constase en acta o último parágrafo que leu que dicía: *“Esta demora podería levar aparellada un incumprimento dos prazos fixados pola Lei de morosidade e así mesmo podería incidir negativamente no cálculo do período medio de pago a provedores coas conseguintes obrigas por parte deste Concello de dar conta dos incumprimentos no seu caso, dos prazos fixados pola normativa vixente, ao Pleno da Corporación así como á Administración do Estado”.*

En todo caso, de producirse, isto non sería culpa das propostas do goberno de Lalín dixo o Sr. Alcalde, senón das propostas dunha oposición que se baseaba en *“ou nós ou ninguén”.*

Seguidamente deulle a palabra ao Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, que empezou dicindo que tal como estaba a representación no Pleno, agora mesmo era difícil dicir se ía aprobarse a proposta.

No tema da Escola de Verán consideraba que se fixera un bo traballo dende o Concello en canto á xestión no último ano e cría que o PP estaba errado neste punto porque era tremendamente difícil poder chegar a eses campamentos que se propoñían dende a Xunta, pero tamén consideraba que o que xa había, estaba ben, pero que se podía mellorar. Pidiu ter un estudo económico do catering no campamento e tamén estudar a viabilidade de que certos contratos puideran celebrarse con empresas de Lalín.

En canto á plusvalía dixo que consideraba que era un imposto moi inxusto pero tras escoitar todas as intervencións no Pleno e tras asesorarse, consideraba que debía votar a favor de eliminar este imposto aprobando a moción do PP.

Preguntou se poderían buscarse fondos exteriores que despois sumaran na regra de gasto e se lle ían mandar un informe sobre os remanentes que quedaban e se podían empregar nestes dous meses que quedaban.

Neste punto preguntou a *Sra. Interventora* se se refería con fondos exteriores á subvencións por exemplo.

D. Juan José Cruz sinalou que se refería a ingresos que chegasen da Xunta, da Deputación.

A Sra. Interventora contestou que non computaban eses ingresos na regra de gasto porque eran ingresos doutras Administracións Públicas e como tal non computaban, pero si o facía a achega municipal.

O *Sr. Alcalde*, **D. Rafael Cuña Aparicio** preguntoulle a *D. Juan José Cruz García* se sabía o que era a regra de gasto e o Concelleiro non adscrito dixo que era o teito a onde

podían chegar a gastar e que se impoñía por cada gasto que se facía e ata onde se chegaba.

A *Concelleira de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus* matizou que unha cousa era o remanente e outra a regra de gasto, sendo que o primeiro non afectaba á segunda, e unha vez que o teito estaba fixado pola regra de gasto, xa non importaba o remanente que se tivese, sendo caixas independentes.

A *Sra. Interventora* matizou que a regra de gasto era o límite máximo de gasto no que se computaban tódolos gastos que facía o Concello do Capítulo I ao Capítulo VII, excepto o Capítulo III de intereses, que non se contaban os gastos que viñan financiados doutras Administracións Públicas, isto era, os cartos dados para subvencionar servizos sociais ou obras por parte da Xunta ou da Deputación non formaban parte do gasto computable na regra de gasto. Sen embargo as achegas municipais si que formaban parte da regra de gasto, de tal xeito que no Concello podía haber moita Tesourería como era o caso e sen embargo non poder gastar, salvo en amortización de débeda.

O Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* preguntou se era verdade que había apartados que se gastaron o ano pasado como por exemplo o Parking Europa, aos que este ano non se ían asignar ningún gasto, nin nada.

A *Sra. Interventora* matizou que eran cousas distintas porque unha cousa eran os créditos orzamentarios, que cando se prorrogaban os orzamentos 2016-2017, había créditos que non se incorporaban porque remataban no ano 2016. Outra cousa era o que se quixera gastar polo grupo de goberno dese millón de euros do Parking Europa que si ía computar como regra de gasto, porque se se gastase, incorporaría a través de remanentes e incumpriase seguramente a regra de gasto.

O Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* preguntou por último se para o Plan de Conservación do ENIL estaba feita unha retención para os gastos.

A *Sra. Interventora* contestou que non porque de momento non había custos valorados.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio* dixo que era a súa obriga dicir que lle parecía extremadamente grave entrar nun debate económico sobre cantidades elevadas de diñeiro público, demostrando e recoñecendo non ter nin a máis mínima idea. Parecíalle extremadamente grave.

A Presidencia introduciu unha emenda a petición do grupo popular, para votar cada ordenanza separadamente.

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada pola Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a emenda.

Posteriormente, sometida a votación ordinaria a proposta coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

- Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmables:

Votos a favor: vinte e un (21) sendo sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a *Ordenanza fiscal Nº1 do Imposto sobre Bens Inmables.*

- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros e Ordenanza Reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, luz, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

Votos a favor: vinte e un (21) sendo sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBÁRONSE** a *Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros e Ordenanza Reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, luz, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.*

- Ordenanza Reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados ós edificios e con acceso directo dende a vía pública.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a *Ordenanza Reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados ós edificios e con acceso directo dende a vía pública.*

- Ordenanza Reguladora do prezo público pola prestación do servizo de difusión de espazos publicitarios pola emisora municipal de radio.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a Ordenanza Reguladora do prezo público pola prestación do servizo de difusión de espazos publicitarios pola emisora municipal de radio.

- Ordenanza Reguladora pola prestación do servizo de campamentos e da Escola de Verán do Concello de Lalín.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a Ordenanza Reguladora pola prestación do servizo de campamentos e da Escola de Verán do Concello de Lalín.

- Ordenanza Reguladora da taxa polo servizo de aparcamento no parking Aldea Grande.

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a Ordenanza Reguladora da taxa polo servizo de aparcamento no parking "Aldea Grande".

- Ordenanza Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros do Pleno da Corporación, **REXEITOUSE** a Ordenanza Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

De seguido neste mesmo punto da orde do día procedeuse á votación da moción presentada polo PP para a supresión da *Ordenanza Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana* (punto 11 da orde do día) co seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Tras a votación, **APROBOUSE a moción presentada polo PP para a supresión da *Ordenanza Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana*, que se recolle no punto correspondente da orde do día da presenta acta.**

Despois das votacións anteriores relativas ao Expediente de Modificación das Ordenanzas Fiscais e da Moción do PP para a supresión da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, o **expediente aprobado coa moción incorporada quedou co seguinte contido:**

Ante a proximidade do remate deste exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modificar as ordenanzas reguladoras dos seguintes conceptos tributarios e da normativa reguladora de prezos públicos:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.
- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
- Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.
- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros.
- Ordenanza reguladora da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados ós edificios e con acceso directo dende a vía pública.
- Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de difusión de espazos publicitarios pola Emisora municipal de Radio.

- Así mesmo, propónse modificar a normativa reguladora do servizo de Campamentos do Concello de Lalín, derogando o vixente Regulamento das condicións xerais que rexen este servizo, así como o Prezo Público pola prestación do mesmo, e aprobar unha nova normativa constituída pola Ordenanza das condicións xerais do servizo de Campamentos e Escola de Verán do Concello de Lalín e a nova redacción do Prezo Público pola prestación do servizo de Campamentos e da Escola de Verán.

- Por último, considérase tamén necesario modificar o réxime aplicable á prestación do servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande, pasando a gravarse mediante taxa.

A proposta de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis prevé a aplicación para o exercicio 2017 dun tipo de gravame para os bens de natureza urbana do 0,4 %, fixándose no mínimo que permite a lexislación vixente, coa finalidade de reducir a carga fiscal, xunto con outras medidas tendentes á conxelación doutros tributos municipais.

Así mesmo, introdúcese na Ordenanza fiscal reguladora do IBI unha disposición adicional relativa á aplicación do Artigo 35.7 da Lei Xeral Tributaria á división da débeda entre os suxeitos pasivos para aqueles supostos nos que existan varios obrigados tributarios titulares do dereito que constitúe o feito imponible do imposto.

Respecto do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, propónse unha baixada no tipo de gravame que suporía unha diminución na cota tributaria resultante dun 15 %, coa finalidade evitar as incongruencias que en épocas de crise do sector inmobiliario como a que estamos a vivir se producen na súa aplicación práctica, xa que o cálculo do incremento de valor dos terreos determínase, segundo a vixente redacción da lei, en base a criterios obxectivos a partir das regras que establece o Texto Refundido de Réxime Local, non en función do incremento real determinado segundo as regras do mercado.

Así mesmo, propónse incrementar a bonificación aplicable sobre a cota íntegra do imposto aos suxeitos pasivos polas transmisións realizadas a título lucrativo por causa de morte, que pasaría do 50 % ao 75 %, en relación coa vivenda habitual, a favor de descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes ou adoptantes.

Polo que se refire á modificación proposta respecto da Taxa polos servizos de distribución de auga e da Taxa de sumidoiros, as modificacións proxectadas responden aos contratos asinados de xestión de servizos públicos que prevén determinados incrementos anuais. Neste caso, a xustificación da modificación das taxas polos servizos de abastecemento de auga e saneamento ven dada polo contrato asinado coa empresa Espina y Delfín, S.L., no que se prevía unha modificación anual das tarifas aplicables pola prestación destes servizos equivalente ao incremento ou baixada do custo da vida, entendendo como tal o índice interanual de prezos ao consumo determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Respecto destas últimas taxas, propónse actualizalas mediante a aplicación do IPC do período agosto 2015 -agosto 2016, cifrado nun - 0,1 %, segundo datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística, o cal supón unha baixada nun servizo esencial para os veciños de Lalín.

Outra das medidas propostas de cara á súa aplicación para o próximo exercicio é a modificación da cota tributaria da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos coa finalidade de actualizar a mesma, segundo a valoración que consta no expediente, da utilidade derivada deste aproveitamento da vía pública para as entidades financeiras.

Por outra parte, no que se refire á prestación de servizos, propónse a derogación do regulamento das condicións que rexen os servizos de Campamentos e a normativa do prezo público pola prestación do citado servizo, así como a aprobación dunha nova Ordenanza das condicións xerais do Servizo de Campamentos e Escola de Verán, adaptada á nova normativa e que recolle expresamente a actividades da Escola de Verán que se veñen desenvolvendo nestes últimos anos. En consonancia co exposto, propónse a aprobación dun novo Prezo Público pola prestación deste servizo, no que a súa cuantificación se establece por día e segundo as distintas modalidades (campamentos urbanos, campamentos con pernoctación pensados para o do mar, escola de verán) e así mesmo, se regula a aplicación da bonificación do servizo en base a un criterio de capacidade económica das familias mellor adecuado á realidade social.

Así mesmo, propónse a modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do Servizo de difusión de Espazos Publicitarios pola Radio municipal, co obxectivo de contemplar nas súas tarifas a expresa mención ao IVE que debe ser obxecto de declaración á Axencia Tributaria, manténdose o prezo final a abonar polos beneficiarios do servizo.

A última das modificacións propostas respecto das ordenanzas reguladoras de distintos conceptos afecta á normativa reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do servizo de aparcamento no Parking Europa pasando a gravarse mediante taxa, xa que se trata dun servizo que non se está prestando polo sector privado, polo que se produce unha situación de monopolio de feito, circunstancia que determina a súa natureza de taxa.

Coa finalidade de regular o réxime de uso e utilización do Parking Aldea Grande, así como de establecer as tarifas da taxa a abonar polos usuarios, é necesario adoptar os acordos relativos á imposición e ordenación da Taxa pola utilización do servizo de aparcamento e de aprobación da ordenanza reguladora correspondente, así como adoptar os acordos de supresión do Prezo público ata o de agora vixente pola prestación deste servizo e a conseguinte derogación da súa ordenanza reguladora.

Non obstante, este cambio non repercute na tarifa a abonar polos usuarios do servizo, que se manteñen na mesma contía que a vixente na actualidade.

Respecto da aplicación das tarifas propostas pola utilización do Parking Aldea Grande prevese a posibilidade de poñer en marcha campañas promocionais e de fidelización dos eventuais usuarios, con carácter transitorio e previa aprobación, dentro dos límites que impón a propia ordenanza.

Con base no exposto, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que deben producir os referidos tributos, á equidade e xustiza nos mesmos e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, ordenación, modificación e derogación dos seus propios tributos e prezos públicos, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación das Ordenanzas seguintes:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles.

- Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.

- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros.

- Ordenanza reguladora da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados ós edificios e con acceso directo dende a vía pública.

- Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de difusión de espazos publicitarios pola Emisora municipal de Radio

Segundo.- Modificar a normativa reguladora do servizo de Campamentos do Concello de Lalín, derogando o vixente Regulamento das condicións xerais que rexen este servizo, así como o Prezo Público pola prestación do mesmo, e aprobar unha nova normativa constituída pola Ordenanza das condicións xerais do servizo de Campamentos e Escola de Verán do Concello de Lalín e a nova redacción do Prezo Público pola prestación do servizo de Campamentos e da Escola de Verán. A derogación da normativa anterior producirase no momento en que entre en vigor e comece a aplicarse a nova Ordenanza Xeral así coma a nova redacción do Prezo público pola prestación deste servizo.

Terceiro.- Acordar a imposición e ordenación dunha nova Taxa polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande así como a aprobación dunha Ordenanza Fiscal reguladora do citado tributo e a supresión do prezo público ata o de agora vixente pola prestación do servizo de aparcamento no Parking Europa. A derogación da ordenanza reguladora deste prezo público producirase no momento en que entre en vigor e comece a aplicarse a nova Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande.

Cuarto.- A supresión do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana e a derogación da Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora do citado imposto, a partir do 1 de xaneiro de 2017.

Quinto.- Que este expediente, que se aproba provisionalmente, sexa exposto ó público polo prazo de trinta días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio do acordo no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Sexto.- Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade coa normativa vixente, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA EN FUNCÍONS E DA RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENCIA DO PADROADO CULTURAL AMBOS DE DATA 30 DE SETEMBRO POLO QUE SE DECLARA INDEFINIDO AO PERSOAL DO PADROADO CULTURAL E DO INFORME EMITIDO CONXUNTAMENTE POLO SECRETARIO E A INTERVENTORA MUNICIPAIS DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2016.

O Sr. Secretario deu conta do decreto de Alcaldía en funcións e da Resolución da Vicepresidencia do padroado Cultural ambos de data 30 de setembro de 2016 polos que se declara indefinido ao persoal do Padroado Cultural sinalado no requirimento da Inspección Provincial de Traballo de Pontevedra, e do informe emitido conxuntamente polo Secretario e a Interventora Municipais de data 30 de setembro de 2016.

O Concello Pleno quedou enterado.

6.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, A PETICIÓN PRÓPIA, PARA DAR CONTA DAS XESTÍONS E MEDIDAS QUE SE ESTÁN A ADOPTAR PARA REGULARIZAR A SITUACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS CONTRATADOS EN FRAUDE DE LEI.

A Presidencia deu conta da solicitude, de data 29 de setembro 2016. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 3 de outubro de 2016.***

Comezou a falar o Sr. Alcalde-Presidente, ***D. Rafael Cuiña Aparicio*** que literalmente dixo:

"Paso a dar conta da comparecencia a petición propia dunha situación que ten a este Goberno moi preocupado polas consecuencias evidentemente, moi moi preocupado, e que paso a relatar para que o Pleno e os cidadáns de Lalín o saiban.

A día de hoxe, como acabamos de ver no anterior punto, 13 persoas do Padroado Cultural pasan a condición de indefinidos despois de dicir a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra que levaban unha serie de anos nunha situación de irregularidade.

Vou ser moi concreto nas cifras e non me vou meter en posibles culpas ou non culpas porque creo que isto vai ser xulgado despois en función do que estou dicindo.

Acabamos de aprobar unha diminución de posibilidades por parte do Concello de Lalín de investimentos nos veciños e agora atopámonos cunha auténtica bomba nuclear que temos no Concello por parte da situación dos seus traballadores en función do que nos din que temos que facer fronte a partir de hoxe. Unha auténtica bomba nuclear.

Eu creo que é a cuestión máis grave dende un punto de vista económico, que afecta ao Concello de Lalín, probablemente nos últimos dez anos. Paso a relatala e dende logo, eu creo

que non é para estar precisamente tranquilos aos que nos corresponde neste momento gobernar porque vexo que noutros lares o nivel de responsabilidade é outro, non digo peor, digo que outro. Tennes moi preocupados porque isto supón a posibilidade dunha das crises máis importantes da historia recente do noso pobo en función dos datos que vou pasar a relatar, e non estou esaxerando absolutamente nada.

Só en atrasos, o que son trienios, etc, en cuestións do Padroado o Concello vai ter que facer fronte a 60.000 euros e a incorporación precisamente dos traballadores deste Padroado, supón e está confirmado por Intervención ademais, 200.000 euros máis. Estamos falando xa neste momento de 260.000 euros máis, que no Padroado lle supón ao pobo de Lalín a irregularidade, segundo di a Inspección de Traballo, da situación dos seus traballadores.

No resto de traballadores, paso a relatar, son 34 traballadores máis 4 interinos, a incorporación, o cálculo e senón que me contradiga a Interventora porque aínda non está pechada a contía pero polo que estivemos falando non se vai ir en moito máis ou menos, estamos falando de 600.000 euros máis.

Quero dicir que segundo os datos que nos pasan, a situación absolutamente irregular de traballadores no Concello de Lalín, nalgúns casos dende o ano 1990 pode supoñer cerca de 1.000.000 de euros ás arcas públicas en función da regularización imposta pola Inspección de Traballo e da Seguridade Social de Pontevedra.

Este é o pastel envelenado que se nos deixa e é unha situación extremadamente grave, repito extremadamente grave, con casos dende o ano 1990 e con varios casos onde non se identifica sequer a obra a realizar segundo di a Inspección de Traballo ou temas como socorristas que pon (a Inspección) que chaman a atención ás prórrogas dende 2009 para realizar diferentes obras e servizos e cando finalizan esta obra ou servizo ségueselle prorrogando, e casos numerosos que se está traballando e que teñen prórrogas e pasan a percibir prestacións por desemprego e posteriormente volven a traballar aquí.

A verdade que queren que lles diga, da a sensación de que é curioso que nalgúns Tribunais en tempos, por certo era legal, había unha media de dous concelleiros para poder atender estes Tribunais, insisto que é legal polo que eu sei ou polo menos naquel momento era, casos dende 1990 e prórrogas, cinco ou seis prórrogas, absolutamente irregulares segundo di o texto do requirimento e tamén para rematar e despois pasar ás preguntas porque eu creo que son conscientes da gravidade, preguntarme a min mesmo e trasladar así ao Pleno a opinión de Goberno de se en Lalín había cidadáns de primeira e de segunda para poder acceder a postos públicos, non é unha afirmación e unha pregunta que fago, e déixoo no aire porque seguramente os principios de igualdade, mérito e capacidade ao mellor en Lalín non estaban ao día a día. Pregunto, non afirmo, en función dende logo do que di aquí o texto do requirimento da Inspección Provincial de Traballo.

En resumo, 1.000.000 de euros e estou comparecendo eu pero creo que ao mellor non era eu a persoa que tiña que comparecer para unha cuestión desta gravidade extrema que hipoteca en grande parte o futuro inmediato do pobo de Lalín.

Estamos intentando negociar e como saben temos presentados recursos e estamos xa

traballando na RPT para este ano e xa empezamos as primeiras reunións e a verdade é que asusta esta situación e mentres, ao mesmo tempo e en contra de Informes de Intervención, hai que quitar recursos económicos para facer fronte entre outras cousas a esta situación.

E insisto que seguramente non era eu quen tiña que estar comparecendo, senón membros do goberno anterior, quen fose, para explicar o porque das cousas, e non estou acusando, estou dicindo para pedir explicacións porque ao mellor todo o que din na Inspección Provincial de Traballo do que pasou e todo o que din os servizos económicos desta Casa do que hai que facer fronte ao mellor non se corresponde coa realidade pero ten pinta de que si, ten pinta de que si. Estou, como Alcalde, francamente preocupado polo que pasou nesta Casa durante anos.

A min gustaríame saber se no goberno anterior tiñan constancia ou non do potencial risco de todo isto ou estámonos atopando, porque houbo un recurso dun Sindicato, nesta situación, pero o que si é impepinable é que seguramente os 260.000 euros están confirmados e o resto estamos facendo cálculos, que seguramente, o pobo de Lalín está de novo hipotecado, por unha xestión que me gustaría que se aclarase, da situación laboral de lalinenses que ao mellor tiñan dereitos adquiridos por encima do que tiñan outros.

Dito isto, paso a responder as preguntas que o Pleno considere necesarias.

Trala súa intervención, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que se podía comezar coa rolda de preguntas.

Comezou o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, que dixo estar de acordo coa regularización do persoal, ao que o Señor Alcalde lle contestou que non era esa a cuestión que tiñan que tratar.

De seguido pasou a falar **D. Xosé Crespo Iglesias**, voceiro do grupo popular, que manifestou que ía empregar un ton cordial e recíproco co ton empregado polo Sr. Alcalde. Dixo que o problema das contratacións, non en Lalín, senón en tódalas Corporacións Locais de España e fundamentalmente de Galicia, era que os Concellos eran como un caixón de xastre de calquera Administración e por iso moitas veces non había cobertura co sistema que estaba montado para levar a cabo algo, o que conlevaba buscar refuxios para poder impulsar proxectos, sempre procurando non incorrer en ilegalidade.

Por iso cando el fora Presidente da FEGAMP plantexou o Pacto Local, para rematar con esta falta de cobertura. Porque para levar a cabo un servizo que non era propiamente municipal, pero que se entendía bo para o Concello, había que montalo da forma que a lei permitiu. Ao final, por causa de que outras Administracións daban cartos que logo retiraban, os Concellos pasaban a ter un problema. Iso foi o que pasou en Lalín co Conservatorio de Música, cos técnicos do CIM ou cos GRUMIR, de tal xeito que a Xunta subvencionaba o cen por cen e pasaba logo a subvencionar cada vez menos, co cal o traballador que denunciaba pasaba a ser indefinido.

Contratábase en base a subvencións que daba a Xunta de Galicia. Logo, unha vez que se minguaba a subvención ou non había subvención, pasaba a ser traballador indefinido do Concello porque a Xustiza dáballe a razón ao traballador. Dixo que isto pasou en tódolos Concellos e non só en Lalín. Recordou un despedido de uns vinte

traballadores municipais facía uns catro anos a causa dun reparo suspensivo. Manifestou que aos Concellos, como Administración máis próxima aos cidadáns, nunca se lles deron as ferramentas necesarias para ter independencia; pola contra si se lles crearon problemas.

O señor Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** entrevistou entón para preguntarlle ao voceiro popular se era consciente de prórrogas de ano en ano de contratos de obras e servizos con acordos de Xunta de Goberno e sen formalizar o contrato escrito durante o mandato do grupo popular no Concello de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias contestou que el non era consciente diso, que non podía dicir que non sucedese, pero que si podía asegurar que ningún contrato que tivera un reparo suspensivo fora firmado no seu mandato.

D. Rafael Cuiña Aparicio dixo que vira toda a documentación e que o se miraba durante o goberno popular, basicamente, era que Intervención afirmase se había posibilidades de crédito para eses postos de traballo.

D. Xosé Crespo Iglesias pediu entón que lle deixase rematar a súa intervención e que ao rematala respondería ao que lle preguntase o Sr. Alcalde.

Continuou así dicindo que o caso máis significativo no Concello de Lalín era o que acababan de regularizar e cría que poucas máis formas habería de facer a regularización que como se levou a cabo no Padroado de Lalín.

Recordou que o Conservatorio de Lalín o crearan no seu mandato e que estaba orgulloso de que Lalín exportase músicos por toda a xeografía española, e dixo que se fora coa norma tal como estaba onde a Xunta daba competencias aos Concellos pero non daba recursos, dificilmente podería facerse e asegurou que os Concelleiros que estiveron ao fronte do Padroado Cultural sempre estiveron intentando aforrar para as arcas municipais o máis posible e dar o servizo chegando para elo a facer convenios con outros Concellos como Chantada para poder dar clases e abaratar o custe dos profesores.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** pediulle que falase das cifras que acababa de poñer encima da mesa e da responsabilidade política ao respecto deste tema.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que cada un era responsable do que era nesta vida, e iso cada un politicamente podíalle botar a culpa a quen quixese pero cada un daría as explicacións oportunas. Como voceiro do grupo popular dixo dar as explicacións do seu grupo e que non se arrepentía para nada do labor que fixeron co Padroado Cultural. Asegurou que moitas veces tiñan problemas para contratar aos profesores e foise facendo da forma que mellor puideron para sacar adiante o Conservatorio, e de feito a día de hoxe Lalín era un punto de referencia obrigado no eido musical a pesar de ter que regularizar a un grupo de profesores.

D. Rafael Cuiña Aparicio preguntoulle como ían facer esa regularización se o custo era de 1.000.000 de euros.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que dubidaba que ese fose o custo e que quería ver os datos para comprobar cal ía ser o custo.

D. Rafael Cuíña Aparicio dirixiuse entón á Interventora para que confirmase se a regularización só do Padroado Cultural xa ía custar 260.000 euros.

A *Sra. Interventora* dixo que o custo da regularización do Padroado estaba calculado efectivamente en 260.000 euros.

Defendeu **D. Xosé Crespo Iglesias** que o custo da regularización do Padroado non era tanto posto que se aforrou moito máis co sistema do Conservatorio que se puxo en marcha no seu momento.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediulle que dixese entón como ía afrontar o Concello o custo da regularización.

Respondeu **D. Xosé Crespo Iglesias** que o Concello non ía ter problemas para afrontar ese custo, xa que que os técnicos da Casa cando facían informes por norma eran conservadores; despois sen contar aparecía un millón e medio de euros de remanente. Consideraba que non ía haber problemas para regularizar ao persoal.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediulle que explicase en base a que aseguraba que non habería problemas coa regularización do persoal se o custo o fixaban os técnicos nos seus informes, e porque o afirmaba tan rotundamente se tamén dicía que non tiña os datos.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** contestou dicindo que se fixo todo o que se puido para ter a estrutura que se tiña no Padroado Cultural.

D. Nicolás González Casares entrevistou para recriminarlle que en vinte anos non fixera nada desde o goberno popular e que eran eles os que tiñan que regularizalos.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** lembrou que el tamén tivo que pagar expropiacións do Campo da Feira feitas antes de chegar el á Alcaldía. Polo tanto, agora tocaba regularizar o persoal, e había que facelo. "*O que goberna ten que arranxar o que lle toca en cada momento*" dixo.

D. Rafael Cuíña Aparicio preguntou se consideraba que o seu grupo popular tiña responsabilidade por deixar, de confirmarse esa cifra de 1.000.000 de euros, unha carga económica de tal magnitude a tódolos lalinenses.

A resposta de **D. Xosé Crespo Iglesias** foi que en absoluto consideraba que tivesen responsabilidade política e que defendía a súa xestión, porque a consideraba brillante.

Entón **D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntoulle se tiña constancia por escrito dos servizos do Concello ou coñecía algún informe de que existía ese risco potencial. Preguntou se como anterior Alcalde lle constaba se nalgún informe se advertía deste risco potencial.

D. Xosé Crespo Iglesias contestou que esta situación, que se estaba a vivir no Concello de Lalín, era unha situación que estaba a suceder en moitos Concellos e Institucións de toda España e Lalín non era unha excepción. Asegurou que o que buscaron foi dar o mellor

servizo aos veciños cos medios dos que dispoñían no seu momento.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** díxolle que iso non era o que lle preguntara e que contestara ao que lle preguntou.

D. Xosé Crespo Iglesias afirmou que el era consciente de que ante unha denuncia podía pasar que houbera que regularizar ao persoal. Era consciente si.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** afirmou que así si lle estaba a responder e que era moi grave o que estaba dicindo e que casualmente o Sindicato puxera agora a denuncia.

D. Xosé Crespo Iglesias preguntou se non estaría insinuando que o Sindicato CC.OO puxera a denuncia porque se lle suxeriu desde o grupo popular.

D. Rafael Cuiña Aparicio respondeu con ironía que lle constaba que era coñecida a mala relación co Sindicato CC.OO e o PP no Concello de Lalín, porque precisamente se levaban moi ben.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que non tiña nada de malo ter boa relación co Sindicato.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** contestou que non tiña nada de malo ter boa relación co Sindicato, pero que o curioso era que cando deixaba de gobernar un determinado grupo político viñan os recursos.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, díxolle que se preguntase o por que. O Sr. Alcalde respondeu que o porque xa o tiña clarísimo.

D. Xosé Crespo Iglesias díxolle que non fora el o que suxerira presentar a denuncia ao Sindicato e o Sr. Alcalde díxolle que iso o cría, pero que había outros condicionantes e que houbo eleccións sindicais con listas.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que el intentaba levarse ben con calquera grupo sindical e se era por levarse ben con CC.OO que este Sindicato denunciaba agora; antes outros sindicatos, tanto CIGA como UXT, puideron denunciálo a el.

D. Nicolás González Casares dixo que fora por medo que non houbo denuncias antes.

D. Xosé Crespo Iglesias defendeu de novo que gracias á súa xestión había GES, un Conservatorio...e que o Concello podía facer fronte á regularización.

Tras un breve debate, o Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** preguntou se algún outro grupo tiña preguntas que formular.

Entón procedeu a preguntar **D. Nicolás González Casares** se tiña constancia cando se producira o cambio de goberno, porque alguén o informara, da situación irregular de máis de 55 traballadores.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** contestou que a transición do goberno do partido popular ao goberno actual non foi precisamente exemplar, e ningún membro do goberno anterior se dirixiu ao goberno actual para informar desta situación.

D. Nicolás González Casares preguntou se sabía dalgunha acción feita polo goberno anterior coa intención de regularizar a estes traballadores ou se coñecía o goberno anterior en función do que o Sr. Alcalde sabía, se había traballadores en situación irregular.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que ía ler un informe e ante o feito de que **D. Xosé Crespo Iglesias** se levantou, díxolle que tiña que escoitar o que se dicía tan só por respecto ao Pleno e decidiu esperar por el mentres non volvía por saír un momento. Ao reincorporarse á sesión **D. Xosé Crespo Iglesias**, o Sr. Alcalde pasou a ler un informe do Xefe de Persoal do Concello con data 10 de decembro de 2012, que nas súas conclusións, con respecto á cuestión de persoal e as posibles advertencias, dicía que:

"Como queira na maioría dos casos non se especifica nos propios contratos de traballo o obxecto dos mesmos con suficiente precisión e claridade, non se establece nos devanditos contratos de forma expresa a vinculación do contrato co mantemento dunha subvención concreta que lle sirva de soporte económico e leváronse a cabo así mesmo unha serie de prórrogas encadeadas.

Debemos concluír que o contrato de traballo temporal suscrito entre as partes podería terse celebrado sen contar cos requisitos esixidos pola lexislación aplicable polo que o Concello debe adoptar as medidas necesarias para a provisión regular das prazas na forma legalmente procedente o que non se está facendo a día de hoxe, o cal determinará a existencia dunha causa lícita para extinguir o contrato xa que na miña opinión e conforme cos fundamentos de dereito contidos no presente informe, non procede conceder sucesivas prórrogas propostas senón recoñecer a situación legal correspondente, adscribíndose aos traballadores afectados como persoal laboral temporal con carácter indefinido, que NON FIXO, fixeza que non se producirá ata que se leve a cabo a cobertura regulamentaria de devanditas prazas con arranxo aos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

A Xunta de Goberno Local quedou enterada do mesmo e por unanimidade dos asistentes acordou aprobalo".

Polo tanto dixo o Sr. Alcalde- Presidente tras a lectura do informe, que no ano 2012 estaban perfectamente advertidos e non se debía prorrogar esta situación.

Non habendo máis preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** deu por rematada a comparecencia.

7.- EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ENIL DA FRAGA DE CASAS VELLAS.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente de data 18 de outubro de 2016. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **dítame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación**

Territorial, Tráfico e Seguridade do día 5 de setembro de 2016.

Na defensa da proposta, comezou a falar a Concelleira Delegada de Medio Ambiente, **D^a Celia Alonso Caramés**, dicindo que volvía a Pleno o expediente coa memoria descritiva para solicitar á Xunta de Galicia a declaración de ENIL de Fraga de Casas Vellas despois de cumprir o acordo ao que se chegou no Pleno anterior, segundo o cal tiña que levarse a cabo unha reunión cos veciños e propietarios afectados pola declaración de ENIL da Fraga de Casas Vellas. A reunión tivo lugar o día 21 de outubro de 2016 e na mesma estiveron ademais dos veciños e propietarios, tódolos membros dos distintos grupos políticos que formaban parte do Pleno e nela aclaráronse, dixo a Concelleira, tódalas dúbidas plantexadas polos propietarios.

Aclarou a edil delegada de Medio Ambiente que as conversas cos veciños ían continuar a pesar de terse levado a cabo dita reunión, ao igual que o grupo popular tamén dixerá que ía seguir coas conversas, porque había dúbidas que non estaban totalmente aclaradas, e deste xeito, continuaríase coas reunións para seguir falando durante todo o procedemento cos propietarios un a un ata facer o Plan de Conservación e chegar a bo fin co ENIL. Sinalou que a Consellería de Industria solicitou en reiteradas ocasións a memoria de declaración de ENIL para poder estudala xa, porque tiña moito interese en ver se a memoria estaba correcta para poder efectuar a declaración Provisional de ENIL, dado que era a única ferramenta que se tiña para protexer a Fraga de Casas Vellas de Fenosa.

Na súa quenda de palabra, o concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, sinalou que el estivo presente na reunión en Catasós e o seu grupo de traballo tomou a decisión de facer unha serie de peticións ao goberno, entre elas e de xeito inexorable, que se intentase contar cun asesor xurídico para que asesorase aos veciños en futuras reunións que houbera con eles. Tamén pediu dous informes: un informe xurídico sobre as consecuencias que tería para o Concello se calquera veciño chegase a denunciar e que aclararase ademais se os usos dos terreos por parte dos propietarios eran os mesmos coa declaración de ENIL; e outro informe económico que establecese cal era o custo que tería o ENIL nun prazo duns dez ou quince anos cunha estimación dos custos.

Entendía que ao mellor non sería posible parar a liña de alta tensión co ENIL, porque a licenza era anterior á declaración de ENIL. Isto puña en seria dúbida que o ENIL puidese levarse a cabo como se plantexaba.

De atender as distintas peticións que levou a cabo, votaría favorablemente a declaración de ENIL.

Neste punto entrevistou o *Sr. Alcalde*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, para preguntar se o que lera na prensa era verdade en canto a unha proposta do Concelleiro non adscrito para enterrar a liña de alta tensión e que se asumise o custo entre Fenosa e o Concello de Lalín.

O concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, contestou dicindo que o custo que se poñía no informe proporcionado pola Concelleira de Medio Ambiente non era definitivo senón estimativo e por iso solicitaba un informe económico serio asinado por un técnico e que con ese informe se valorase se era rendible ou non o ENIL nun prazo duns dez ou quince anos. Criticou que non houbera problemas para gastar fondos no ENIL, pero si noutros temas. En canto ao soterramento da liña de alta tensión, dixo que non quería cerrar ningunha porta, e

que para el o ENIL nacía morto por non haber acordo cos veciños nin con P. Popular, polo que pretendía solventar preocupacións dunha hipotética sanción que fixese pagar indemnizacións a Fenosa. Reiterou que de cumprirse as esixencias que pedía, daría o apoio á declaración de ENIL.

Dende o partido popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, dixo que escoitar que o ENIL nacía morto por culpa do PP, como acababa de dicir *D. Juan José Cruz García*, o obrigaba a deixar claro xa dende o principio da súa intervención que o seu grupo non ía poñer impedimento algún á tramitación do expediente de declaración de ENIL, a pesar de non estar de acordo co procedemento que se seguira.

Estaban a favor de que se levase a cabo a declaración provisional do ENIL dende a Xunta. O feito de que o PP se opuxese e votase inicialmente en contra debeuse a que era o primeiro ENIL co cen por cen da propiedade privada e porque houbera unha rotura no seno da xente que o defendía, propietarios, veciños, Plataforma.

Trala reunión levada a cabo o día 21 de outubro de 2016, coidaba que se puido observar claramente que a mesma era necesaria pola demanda clara de información por parte dos propietarios, veciños, ecoloxistas, e todos os que querían defender a Fraga de Casas Vellas de Catasós, tanto dende o ámbito público como privado. De feito, un dos principais problemas que se plantexaban eran os usos, que tal como se explicara na reunión non se ían ver alterados por parte de quen lle correspondía a xestión do ENIL que era ao Concello de Lalín.

Consideraba que trala reunión, se ben non era un condicionante por parte do seu grupo, ao acordo podería engadirse no punto segundo da parte dispositiva: “co compromiso de que os usos destas propiedades non se vexan alterados nin modificados”. Se se pensaba na tranquilidade dos veciños e propietarios, isto era un xeito de dar credibilidade ao dito polo goberno.

Dende o grupo popular non ían poñer esixencias e non ían opoñerse á tramitación do ENIL, porque era un paso adiante, e consideraba positivo incluír no segundo punto da parte dispositiva da proposta que se traía ao Pleno, o que acababa de dicir en canto aos usos, por tranquilidade dos veciños pero non como esixencia para a tramitación do ENIL.

Tomou a palabra de novo, a Concelleira Delegada de Medio Ambiente, **D^a. Celia Alonso Caramés**, para dicir que todo o que eran informes xurídicos, económicos, técnicos e demais ían no Plan de Conservación, que era moi complexo e había dous anos para a súa tramitación e xa na Xunta se esixían todo tipo de informes. O engadido que propuña o PP, xa ía reflectido na memoria e non supuña problema algún. Pretendía que a Xunta de Galicia canto antes fixese a declaración provisional de ENIL para que a liña de alta tensión non atravesase a Fraga de Casa Vellas.

De novo o concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** interviu para dicir que os usos tradicionais se ían definir, pero quería preguntar se outros usos se ían aclarar como por exemplo, a colocación dunha placa solar que non era un uso tradicional e estaban a falar de propiedades privadas. Considerou que non se fixo o traballo para a declaración de ENIL de forma clara e transparente.

Salientou que se Unión Fenosa denunciase, o Concello podería verse obrigado a pagarlle indemnizacións.

Dado que o PP dicía que ía votar favorablemente, consideraba que a decisión estaba nas súas

mans e esperaba que os compromisos en canto aos asesores se cumprisen e dixo que votaría favorablemente tamén ao ENIL.

Contestou **D^a. Celia Alonso Caramés** dicindo que as placas solares xa non eran posibles a día de hoxe na Fraga de Casas Vellas, porque xa existían restricións en canto aos usos e o ENIL ía ampliar esa protección tamén a nivel urbanístico. A xente na reunión queixouse en canto ao gando de sombra; pero xa tiñan información e tamén a memoria dende o principio. Ademais debía terse en conta que o ENIL era positivo e a liña de alta tensión non.

Sinalou **D. Juan José Cruz García** que esperaba que no futuro non houbese que pagar indemnizacións, tanto aos veciños como a Fenosa. Consideraba que a responsabilidade era da Xunta de Galicia pero os veciños estaban desinformados. Por iso el ía dar o seu voto favorable pero non estaba satisfeito para nada con como se tramitara todo o ENIL.

Dende o partido popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, dixo que eles non querían condicionar ningún tipo de voto e que o grupo popular ía absterse na votación, e que cando se referira a que non se ían opoñer, estaba facendo referencia a que se abstiñan non a que ían votar a favor.

Manifestou **D^a. Celia Alonso Caramés** que a Xunta de Galicia era a que estudaría a declaración de ENIL, e se non estaba todo correcto, non a aceptaría.

Neste momento **D. Nicolás González Casares** entrevistou para aclarar que dentro da área do ENIL non había ningunha explotación agrogandeira.

D. Juan José Cruz García dixo que non estaba nin sequera asegurado que o espazo que estaba destinado ao ENIL ía ser aceptado pola Xunta de Galicia, polo que para el a proposta era ficticia e podía variar moito finalmente e podía chegar a alcanzar outras fincas.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, recriminoulle que non se preparase os temas para o Pleno e felicitou á Concelleira polo traballo exemplar efectuado durante meses.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Concelleira de Medio Ambiente, parques e xardíns, muller e igualdade, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a proposta de solicitude de Declaración de ENIL co seguinte contido:

Na parroquia de Castasós, existe unha importante superficie de bosques nativos, representados por facies de carballeiras climáticas (*Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*, *Quercus suber*), así como de soutos de *Castanea sativa*. Bosques que se corresponden con

distintos tipos de hábitats naturais de interese comunitario cuxa conservación require a designación de zonas de especial conservación recollidas no Anexo I da Directiva 92/43/CEE e na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e Biodiversidade e que, en moitos casos, cumpren os criterios esixidos para os designados como “bosques antigos”.

Con respecto aos hábitats inventariados na zona, localízanse: Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (91EO*) asociado ao río, e varias manchas de Breixeiras Secas Europeas (4030), correspondentes ao anexo 1 da Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de maio de 1992. E segundo o Inventario Nacional da Biodiversidade, atoparíanse: Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior* (91EO*) asociado ao río, varias manchas de Breixeiras Secas Europeas (4030), Breixeiras Húmidas Atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica Tetralix* (4020*), e Prados pobres de sega de baixa altitude (6510).

Os dous tipos de hábitats de interese comunitario: carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Q. pyrenaica* (9230), e bosques de *Castanea sativa* (9260) constitúen, no ámbito da coñecida como Fraga de Casas Vellas, un exemplo singular dun bosque antigo galego e que forman un ecosistema forestal de grande interese tanto cultural como natural.

Do anteriormente exposto despréndese a necesidade de especial protección que presenta o espazo sito na parroquia de Catasós, que ocupa aproximadamente 28,83 hectáreas, comprendendo a zona de Casas Vellas e a continuación do río Quintela ata o límite coa carretera nacional 525, e onde se encontra precisamente a Fraga de Catasós, coñecida como Carballeira de Quiroga e declarada Monumento Natural.

A *Constitución Española* de 1978 dispón no seu artigo 45.1º que: *“Todos teñen o dereito a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo”*. E o seu artigo 148.1.23º establece a competencia exclusiva do Estado para *“a lexislación básica sobre a protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección”*. O *Estatuto de Autonomía de Galicia*, aprobado mediante Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle no seu artigo 27.30º *“a competencia exclusiva para ditar normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23º da Constitución”*.

O artigo 8 da *Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza* define como espazos naturais protexidos: *“aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza coma derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales”*, e en concreto, establece no seu artigo 17, con respecto aos espazos naturais de interese local que: *“Por petición do concello e logo de informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a Consellería de Medio Ambiente poderá declarar como espazos naturais de interese local aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. A responsabilidade e competencia na xestión destes espazos será municipal, e non se considerarán incluídos na Rede galega de espazos protexidos. A súa declaración como tales non implicará a asignación de recursos da Comunidade Autónoma, aínda que poderán ter preferencia na obtención de axudas para a súa conservación e xestión”*.

En desenvolvemento e execución da normativa referida dítase o *Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural*, que ten como obxectivo regular o procedemento de declaración da categoría de espazo natural de interese local, fixando os criterios a seguir para a súa formación e xestión establecendo, entre outros, a documentación mínima que debe conter cada expediente.

O artigo 6.1 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local dispón que de conformidade co artigo 31.3º de la Lei 9/2001, de 21 de agosto, na categoría de espazo natural de interese local será necesario ao menos, a aprobación dos plans de conservación nun prazo non superior a dous anos desde a declaración do espazo natural como protexido.

Segundo o artigo 23.4º de la Lei 9/2001, de 21 de agosto, os instrumentos de planificación desta categoría de espazo natural protexido, será sometido a información pública. Estes plans de conservación establecerán o réxime de uso e as actividades permitidas, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo.

O artigo 3 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, dispón que de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, para as categorías de espazo natural de interese local, o procedemento iniciárase a instancia de parte. A iniciativa para a declaración desta categoría procederá do Concello onde se sitúe o espazo natural que se pretende protexer.

A declaración de Espazo Natural de Interese Local, segundo o disposto no artigo 4 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, en relación co artigo 24.3º da Lei 9/2001, efectuarase mediante orde da Consellería de Medio Ambiente.

Tendo en conta o anteriormente o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a declaración de Espazo Natural de Interese Local da FRAGA DE CASAS VELLAS, sita na parroquia de Catasós, no Concello de Lalín.

SEGUNDO.- Adoptar o compromiso formal por parte do Concello de Lalín de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración de Espazo Natural de Interese Local da FRAGA DE CASAS VELLAS, así como a elaborar o correspondente Plan de conservación e de uso público destes espazos, como se esixe legalmente.

TERCEIRO.- Dar traslado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da adopción do presente acordo e da documentación perceptiva indicada no artigo 3.3 do *Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural*, aos efectos de dar trámite á solicitude de declaración de Espazo Natural de Interese Local da FRAGA DE CASAS VELLAS pola Xunta de Galicia.

8.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO E Á XUNTA DE GALICIA A ASINAR UN CONVENIO CO CONCELLO DE LALÍN PARA A MELLORA INTEGRAL DA RÚA AREAL E A RÚA DA PONTE.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 18 de outubro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 19 de outubro de 2016 co número 8369. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de outubro de 2016.***

Na defensa da moción, dende o grupo de goberno, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** explicou que esta era unha proposta que respondía á necesidade de solucionar a incapacidade coa que se encontraba o goberno de Lalín por causa da falta de titularidade da rúa da Ponte e da rúa Areal, que eran dúas rúas estratéxicas no organigrama do casco urbano de Lalín cunha densidade considerable de tráfico rodado, cun volume de negocios importante e cun elevado tránsito de peóns entre outras causas, por contar con zonas escolares.

O goberno consideraba que pola súa importancia eran rúas que, non só necesitaban actuacións de conservación e mellora, senón tamén actuacións máis globais e ambiciosas para que concordasen mellor co deseño do casco urbano de Lalín.

Debido a que eran dúas estradas de titularidade estatal, resultaba moi difícil dar solución aos problemas que se plantexaban e para os cales os veciños pedían solucións, como a instalación dun paso de peóns para dotar de maior seguridade a zona, solicitude que fora rexeitada polo Ministerio de Fomento. De feito unha moción presentada en marzo polo Concello de Lalín nin recibira resposta por parte do Goberno Central.

A pesar destas trabas, o goberno de Lalín mantiña o seu compromiso claro de actuar. Ante o custo elevado que suporía o cambio de titularidade das estradas, facía esta proposta para instar tanto ao Ministerio de Fomento como á Xunta de Galicia a asinar un convenio co Concello de Lalín para mellora integral de ambas rúas.

Con elo involucraríanse as tres Administracións para que o Concello de Lalín puidese actuar nestas rúas, e non só para labores de mantemento e conservación senón, para que se puidese actuar globalmente nestas estradas tan importantes no organigrama do casco urbano, e que os veciños da zona puidesen ter así as mesmas condicións que outros veciños doutras rúas titularidade do Concello.

Na súa quenda de palabra, o Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***, manifestou estar de acordo coa moción.

Dende o grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias***, dixo que durante o seu goberno os trámites eran á inversa: primeiro facían a negociación co Ministerio e despois, cando tiñan a negociación clara, era cando levaban unha proposta ao Pleno. Non obstante dende o goberno actual facían ao revés.

En canto ás negociacións co Ministerio de Fomento, dende o PP xa negociaron moitas veces este tema e polo tanto estaban de acordo en que se volvesen intentar negociacións. Ían votar a favor, pero non entendía porque incluían a Xunta de Galicia na moción dado que a estrada era integramente do Ministerio de Fomento. Aclarou que ao incluír a Xunta de Galicia

porque arrancaba a rúa do Areal nun tramo que era da Xunta de Galicia, pois entón tamén debían incluír á Deputación de Pontevedra dado que a rúa do Rodo iniciábase nunha estrada que era da súa titularidade.

Recomendoulle novamente facer as negociacións primeiro e logo a moción, pero non era unha obxección e non fan votar en contra.

Dende o grupo de goberno, o Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares**, explicou que xa fixeran primeiro negociacións, pero que estas non obtiveran resultados positivos, polo que propuñan esta vía do Convenio, opción que ao PP non lle resultaba estraña, porque xa a empregaron infrutuosamente na Rolda Leste cun Convenio co Ministerio de Fomento.

Primeiro dende o goberno actual intentaron negociar tanto coa Ministra *D^a. Ana Pastor* e logo coa Conselleira, pero non chegaron a un acordo; agora optaban por esta vía do Convenio que crían que era bastante xusta.

Tampouco tiñan problema en incluír á Deputación de Pontevedra. Explicou que se incluía á Xunta de Galicia na moción porque tiña fondos económicos para a mellora das rúas nas cidades a través do Plan URBE, ao que se presentara o Concello de Lalín, e aínda non se recibiu resposta. Sabía que noutros Concellos onde gobernaba o PP estaban a asinarse Convenios dese Plan, e en concreto dos trinta Concellos que revisou do Plan URBE, vinte e sete estaban gobernados polo PP.

Valorou que as rúas de Lalín titularidade do Concello melloraran, tanto co goberno do PP como co goberno actual, en seguridade. Pero as rúas sobre todo do Estado, non tanto da Deputación ou da Xunta, non melloraron en seguridade e incluso, os principais atropelos graves foran nestas vías. Ademais as medidas que se intentaban levar a cabo dende o Concello para mellorar a seguridade, eran rexeitadas polo Goberno estatal.

Finalmente considerou que era necesario poñerse de acordo con todas as Administracións para facer un Plan de Mellora integral desas vías. Ante a imposibilidade de que se cambiase a titularidade das rúas, propoñían esta moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21) sendo sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

A rúa Areal e a rúa da Ponte forman parte da estrada nacional 640, que se prolonga entre Vilagarcía de Arousa e Vegadeo e que, nestes puntos, atravesa o casco urbano de Lalín. Ambas constitúen dúas das principais arterias para a entrada e saída de vehículos no municipio, ademais de xogar un importante papel como nó de conexión interno entre diferentes instalacións públicas, como centros educativos e deportivos de Lalín, e de varios espazos comerciais e de ocio, entre eles o paseo do Pontiñas.

Por outra banda -e xa no eido interno- estas dúas vías posúen grande importancia dentro do tecido económico e social de Lalín: ambas albergan un elevado número de negocios e empresas -o que implica un continuo movemento de mercadorías de carga e descarga- e ambas rexistran un elevado volume de poboación, que fai que a presenza de vehículos e peóns nestas rúas sexa constante.

Sen embargo, o estado de conservación destas vías non se atopa nunhas condicións acordes co peso que teñen dentro da rede viaria do municipio. Consciente do enorme potencial que teñen estas dúas rúas, o Goberno municipal leva tempo apostando pola súa mellora integral para adecuala as esixencias dos seus usuarios e á súa importancia dentro do debuxo urbanístico do municipio. O que se pretende, en definitiva, é convertelas nun entorno urbano atractivo e funcional e incrementar a súa seguridade viaria.

Con todo, as posibilidades de actuación nestas vías vense moi limitadas pola súa titularidade, que está en mans do Ministerio de Fomento. Malia que o Concello aprobou no mes de marzo unha moción solicitando a titularidade da rúa Areal, e malia as reiteradas solicitudes para actuar nestas vías, estas peticións ou non recibiron resposta ou non foron atendidas. A modo de exemplo, abonde a negativa recibida hai unhas semanas para o pintado dun novo paso de peóns na rúa Areal ou os problemas para poder acometer actuacións de mellora básicas nas beirarrúas. Atopámonos, xa que logo, nunha situación que impide acometer as obras necesarias, a pesar de que a intención do Goberno municipal é dar solución a estes problemas e atender da maneira máis rápida e eficiente as reiteradas e constantes demandas da veciñanza.

O Goberno de Lalín reitera a súa disposición de afrontar investimentos de futuro nestas dúas rúas, pero sempre tendo en conta que precisa da colaboración da administración propietaria destas vías -o Ministerio de Fomento- e tamén da implicación da Xunta de Galicia, que está a realizar investimentos noutros concellos para desenvolver actuacións semellantes.

Por todo o antedito, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a asinar un convenio co Concello de Lalín para poder acometer con aporte económico das 3 administracións a mellora integral e a humanización da rúa Areal e da rúa da Ponte.

9.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA RECLAMAR A AMPLIACIÓN DAS PRAZAS DE COMEDOR DO COLEXIO PÚBLICO XESÚS GOLMAR E SOLICITAR A CONSTRUCCIÓN DUN PATIO CUBERTO.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 19 de outubro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 8367. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 24 de outubro de 2016.***

Na defensa da moción e dende o grupo de goberno, ***Dª Lara Rodríguez Peña*** dixo que

xa o título da moción era claro en canto ao que se pretendía solicitar.

Había falta de prazas no comedor do CEIP Xesús Golmar, en concreto eran necesarias 91 prazas máis nun primeiro momento. Desas 91 prazas a Xunta de Galicia aprobou só 29 prazas dicindo que resultaban suficientes.

A verdade era que resultaba totalmente insuficiente o número de prazas sacado pola Xunta. Ademais, os nenos e nenas estaban a comer no Salón de Actos do Colexio por falta de espazo. Os criterios utilizados na selección do alumnado que podía acceder ás prazas do comedor parecíanlle moi criticables, porque só eran para nenos e nenas que tivesen que facer uso do transporte escolar e aqueles que eran beneficiarios dos servizos sociais.

O Consello escolar do Xesús Golmar promovera unha recollida de sinaturas que despois a ANPA secundara, e a día de hoxe había 200 pais e nais que solicitaban unha apertura de prazas no comedor do Colexio.

A moción respondía a dúas necesidades: por unha parte á necesidade de que a Xunta escoitase a voz dos pais e nais que asinaron ese aumento de prazas no comedor e se abrisen as prazas necesarias para que os alumnos e alumnas que quedaron fóra, puidesen acceder; e por outra parte á necesidade de que se construíse un patio cuberto como tamén viñan solicitando o Consello escolar e a AnPA.

A inversión de catro millóns de euros neste Colexio non foi eficiente e deixou necesidades importantes sen atender, sendo froito da xestión nefasta tanto da Xunta como do anterior goberno do Concello. O Colexio contaba a día de hoxe con múltiples e importantes deficiencias.

Había moitas construcións novas públicas que tiñan moitas deficiencias e con independencia da titularidade, o mantemento era do Concello e outro exemplo era a Biblioteca.

De seguido produciuse un debate neste punto sobre as deficiencias e as construcións públicas.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** manifestou o seu apoio á moción.

Dende o grupo popular, **D^a. Paz Pérez Asorey** dixo que este era un tema de máxima sensibilidade e pedíasele ao grupo de goberno máxima responsabilidade e conciencia, e que empregasen o mesmo criterio para tódalas propostas que se facían porque esixían respectar a normativa de cada área da que se estaba a tratar.

Neste eido había o *Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de Educación*, que recollía as prioridades á hora da selección das familias que podían acceder ao comedor escolar, e a pesar de que antes só se tiña en consideración ao alumnado que facía uso do transporte escolar, agora o Decreto ampliaba os casos a familias en risco de exclusión social ou con incompatibilidade horaria en aras de facilitar a conciliación laboral.

Desa totalidade de familias que lles gustaría facer uso do comedor, preguntou a edil popular, *¿sería socialmente correcto que os fillos ou fillas dun empresario ou profesións liberais participasen no comedor escolar?*

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** indicou que esa pregunta se recollía no argumentario do PP, pero facendo referencia a se se consideraba xusto que os fillos de Amancio Ortega.

D^a Lara Rodríguez Peña entendía que a pregunta debía ser: *¿era xusto ou non que os alumnos e alumnas, que solicitaban praza no comedor, non tivesen na súa totalidade acceso a ese servizo e algúns nenos e nenas quedasen fóra?*

O xusto para a Concelleira delegada era que todo aquel que o solicitase, puidese acceder ao comedor.

Pediú **D^a. Paz Pérez Asorey** que a deixasen continuar falando, para dicir que as 29 prazas que ampliou a Xunta estaban ben concedidas en base a criterios esixidos polo Decreto que mencionara. Preguntou se polo tanto pedían dende o goberno que se outorgasen as restantes prazas ata as 91 ás que referira a Concelleira Delegada, en base a criterios que supuñan incumprir o devandito Decreto.

Reiterou que das demandas das familias que pediran prazas e cumprían os requisitos foran só vinte e nove as que cumprían co Decreto.

Propuxo introducir como emenda votar os dous puntos da parte dispositiva da moción por separado, e pediú que constase en acta que dende o grupo popular se ían abster na votación no tocante ao aumento de prazas do comedor, por responsabilidade, porque sería unha ilegalidade votar a favor ao incumprirse o regulado polo Decreto.

Esta norma amparaba a selección das familias para o comedor, e foron os seus criterios os que seguiron no caso do Colexio Xesús Golmar, e por elo non foron criterios arbitrarios como defendía a Concelleira delegada de Cultura.

En canto á construción dun patio cuberto, ían apoiar a proposta, pero tendo en conta outras instalacións próximas ao Colexio que se podían usar como o pavillón.

D^a Lara Rodríguez Peña dixo que lle causaba gracia que se amparasen na ilegalidade que suporía votar a favor da moción cando nin sequera se cuestionaban se ese Decreto era xusto ou non.

A Presidencia propuxo votar a emenda para tratar cada punto da parte dispositiva da moción en votación separada co seguinte resultado:

Votos a favor: vinte e un (21) sendo sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a emenda.

Sometida a votación ordinaria a moción coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

PUNTO 1.- Instar á Consellería que incremente o número de prazas de comedor no CEIP Xesús Golmar.

Votos a favor: once (11) sendo sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o primeiro punto da moción.

PUNTO 2.- Instar á Consellería a construción dun patio cuberto no CEIP Xesús Golmar.

Votos a favor: vinte e un (21) sendo sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o segundo punto da moción.

Tras a votación coa emenda incorporada, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Os comedores escolares configúranse como un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade. Este servizo, en primeiro termo, foi concibido como medio de salvar as dificultades de acceso ao ensino motivadas pola dispersión xeográfica, razón pola que ata de agora se concibía unido ao servizo de transporte escolar. Non obstante, o propio decreto que regula o seu funcionamento indica que, nestes intres, a función dos comedores escolares vai máis alá, xa que alcanzan novas virtualidades, derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar.

Neste sentido, a ANPA “Agra de Abaixo”, que reúne ás nais e pais do alumnado do CEIP Xesús Golmar reivindica que sexan atendidas todas as solicitudes que se presentaron para poder acceder ao comedor escolar, chegando a recibir nesta reclamación o apoio de máis de 200 pais e nais mediante a recollida de firmas. A carencia de prazas é máis que evidente, tendo en conta que segundo o colectivo de proxenitores a comezo de curso eran 91 as nenas e nenos que quedaron fóra das posibilidades de acceder a este servizo debido á limitada capacidade do comedor, ofrecendo a Consellería para solucionar esta situación, a habilitación de 29 prazas máis, alegando que con esta medida quedaba cuberta toda a demanda establecida na normativa, pero continuando sen dar resposta á totalidade de solicitudes de alumnas e alumnos para acceder ao servizo de comedor.

Se ben é certo que estas demandas non están incluídas dentro das prioritarias para a Xunta de Galicia (xa que non corresponde a alumnos que empregan o transporte escolar ou os

que están baremados polos Servizos Sociais), tamén está claro que noutros centros si se conceden prazas de comedor a alumnos que non entran dentro do censo obrigatorio. Esta circunstancia non só supón un claro agravio comparativo para parte da veciñanza de Lalín, senón que tamén limita a capacidade de moitas familias para cumprir cun dos grandes obxectivos deste servizo: poder desenvolver unha axeitada conciliación da vida laboral e familiar.

Malia as solicitudes e propostas cursadas nos últimos tempos para dar solución a este asunto -entre as que salientan as de realizar unha dobre quenda de comidas, ou o que parece máis eficaz, ampliar a capacidade do comedor coa realización dunha obra, xa que actualmente xa se vén ocupando parte do salón de actos como comedor- a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non dou mostras de querer valorar estas alternativas, que solucionarían a problemática.

Outra das reivindicacións históricas da ANPA do Xesús Golmar é a da construción dun patio cuberto no que as nenas e nenos poidan acubillarse durante os días chuvia, que son moitos no inverno lalinense, e contar así, dunha vez por todas, cun espazo de recreo que reúna todas as condicións, xa que actualmente o colexio non ten ningún espazo protexido.

Polo anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que atenda as demandas da comunidade educativa do CEIP Xesús Golmar e incremente o número de prazas de comedor nese centro educativo para poder atender todas as solicitudes que existen na actualidade.

2.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que atenda as demandas da comunidade do CEIP Xesús Golmar e inicie os trámites para a construción dun patio cuberto no colexio.

10.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DE CONDENA AO TRANSFUGISMO NO CONCELLO DE LALÍN.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 19 de outubro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 8368. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 24 de outubro de 2016.***

Na defensa da moción e dende o grupo de goberno, ***D. Tomás Vilariño Fidalgo***, explicou que a moción viña dada ante un secuestro da vontade do pobo, en concreto polo Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***.

O concepto de tráfuga dixo, baséase en deixar unha formación para acollerse a outra tendo unha razón, polo que preguntou cal era entón a razón pola que o concelleiro non adscrito deixara o seu grupo político e por que colleu esa opción. Recordou que o concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***, deu como un primeiro argumento para deixar o grupo de goberno que precisaba ter máis independencia e máis poder, pero que tamén dixera que ía

manter unha liña de colaboración co goberno. Non obstante iso non foi así, xa que o concelleiro non adscrito mudou de actitude e comezou a atacar ao goberno. Non sabía se foi froito do grupo de traballo co que se xuntou *D. Juan José Cruz García* ou ben foi porque os compañeiros de CxL aos que lle pediron que estivese neses grupos de traballo, non o aceptaron. Dixo que precisaba saber cal era o porque.

O feito estivo mal na forma e no fondo. Na forma porque nunca se lle consultou nada ao grupo de goberno e foi directamente á prensa, todo por sorpresa, e sen queoubesen o motivo final deste acto; e no fondo porque se o que pretendía era conseguir cousas para os veciños, o modo non podía ser a chantaxe por levantar ou non unha man. Por iso dende o grupo de goberno condenaban o feito de querer conseguir cousas dunha maneira moi cómoda, para pasar á oposición, dicindo que se estaba a facer unha labor de control ao goberno e só levantar a man nas votacións, pois tampouco era moito traballo. Se se trataba de controlar ao goberno, había que saber dos temas, polo que preguntou se o concelleiro non adscrito sabía máis que o resto do grupo de traballo.

Repetiu que o traballo dun grupo se antepoñía sempre ás individualidades e a querer quedar ben, porque se debía traballar en grupo consensuando todo o posible e deixando nun segundo plano as individualidades.

Deu as gracias aos membros do goberno de PSOE, BNG e APAC, porque lexitimamente podían estar na situación de apoiar certos temas co goberno ou non, pero decidiron entrar nun goberno e ser responsables, de tal xeito que tomaron decisións coas que ao mellor non estaban de acordo. Traballaban polo ben dos lalinenses.

O feito de deixar o goberno e ter unha posición oportunista foi relevante, porque se perdeu a maioría absoluta no goberno, xa que, se non se perdese a maioría absoluta, o seu comportamento non tería importancia.

Considerou que se aproveitaba da súa posición para poñer en xaque todo o traballo que facía un goberno, tumbando só co feito de levantar a man, moito traballo que había detrás de moita xente. Por iso preguntou cal era a súa intención: *¿traballar polos veciños de Lalín ou tumbar todo o traballo do goberno e derrubalo?*. Preguntou tamén senón tivo apoios suficientes e se non consideraba que o propio edil delegado o defendeu en situacións indefendibles moitas veces que non tiña o apoio de tódolos compañeiros.

De seguido tomou a palabra por alusións o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, que sostivo que non había chantaxe algún senón que era negociación, porque el non prohibía a ninguén negociar co grupo popular, nin levar a cabo nada.

Díxolle a *D. Tomás Vilariño Fidalgo* que no seu momento non o avisou da súa intención para non poñelo na tesitura e no compromiso de saber o que ía facer. O que fixo foi porque estaba amparado no seu momento e porque era lexitimo, xa que mesmo moitos partidos políticos fixeron leis en relación aos concelleiros non adscritos.

Defendeu que cada un tiña que buscar o seu espazo e traballar. Por elo consideraba que nun goberno había que entrar cunha postura sensible para tentar cambiar as cousas e tamén para intentar cambiar todo. Dixo que non ía recriminarlle o valor de cada persoa e os cheques en branco que había que dar para estar dentro do goberno. Coidaba que non todos no goberno estaban de acordo coa forma de traballar do mesmo.

Neste punto entreviú o *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio* para pedir que explicase esta afirmación.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, contestou que el ía falar o que a el lle parecese e consideraba que non todos no goberno estaban de acordo en todo nin tampouco dentro do propio partido de CxL.

Considerou que a súa decisión foi unha rexeneración democrática e dado que houbo cousas que quedaron de facer, e outras que se levaron a cabo, a súa forma de denunciálo foi tomando a decisión que tomou.

Non había nada que debater ao respecto dos concelleiros non adscritos coma el, porque xa se tratou o tema no Tribunal Constitucional e estaba amparado todo o que fixo; quería negociar e marchou ofrecendo a máxima colaboración. Só atacou de xeito recíproco cando se considerou atacado e dixo que non ía ceder a ningunha presión. Matizou que el non cambiou de formación, senón de grupo político.

Dende o grupo popular, **D. Manuel Fernández López** comezou afirmando que o goberno tomou a decisión de formar un cuatripartito. Por elo, esta moción era froito dun goberno fracasado. Eles non eran responsables da desfeita do goberno municipal. Se alguén tiña que ter responsabilidade fronte ao Pleno, era o Sr. Alcalde, única e exclusivamente, porque as discrepancias que había no goberno, xa as apreciaban entre uns e outros.

Non estaba ben chamarlle tráfuga a **D. Juan José Cruz García** nos Plenos, porque non se foi a outro partido; foise para o grupo dos non adscritos, polo que podería tomar as decisións que quixera. Repetiu que o feito de presentar esta moción dende o grupo de goberno, era o froito dun goberno fracasado.

Referiuse á Concelleira de APAC para pedirle que fose valente e lle enviase esta mesma moción aos seus compañeiros do Concello de Ferrol, porque alí non era como en Lalín e si había motivo para ela.

Pediulle ao goberno que, se se consideraba capaz de gobernar, o fixese en beneficio de todos. Pero se non eran capaces como goberno, que non continuasen enganando aos lalinenses e tomasen a decisión oportuna en beneficio de todos; que utilizasen o sentido común e retirasen a moción, porque o PP non era responsable dos seus erros.

Interviu o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, para recriminarlle que iso non era o que realmente pensaba o membro do partido popular.

Na segunda quenda de palabra, **D. Tomás Vilariño Fidalgo** sinalou que a definición de transfuguismo non era marchar a outro partido político soamente, senón que tamén incluía a opción de deixar unha formación política para condicionar a maioría absoluta.

De novo, **D. Manuel Fernández López** dixo que non era esa a definición de tráfuga e pediu explicar ben o concepto. Dixo que tráfuga *"era un político, concelleiro ou deputado, que se ía dun partido político a outro, apoiando ao partido ao que se ía e botando fóra ao partido que estaba no goberno"*. Defendeu que iso era un tráfuga.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, leu a definición de tráfuga segundo o dicionario:

"Tráfuga es una denominación atribuída en la política a aquellos representantes que, traicionando a sus compañeros de lista o de grupo (manteniendo estos últimos su lealtad con la formación política que los presentó en las correspondientes elecciones), o apartándose individualmente o en grupo del criterio fijado por los órganos competentes de las formaciones

políticas que los han presentado, o habiendo sido expulsados de estas, pactan con otras fuerzas para cambiar o mantener la mayoría gobernante, o para dar la mayoría a un grupo que no la tiene, o bien dificultan o hacen imposible a dicha mayoría el gobierno de la entidad".

Polo tanto consideraba que era certo o que o grupo de goberno dicía e non a definición dada polo PP.

Dende o PP, **D. Manuel Fernández López** dixo que unha cousa era tráfuga e outra a disciplina política.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, deixou claro que el levaba todo o Pleno dirixíndose a **D. Juan José Cruz García** como concelleiro non adscrito; pero dende un punto de vista lingüístico, segundo a definición dada polo dicionario, si podería chamarlle tráfuga pola situación creada no Concello de Lalín. E non era un insulto, senón unha descrición exacta da súa condición política, o cal ademais para el non era discutible.

O edil delegado **D. Tomás Vilariño Fidalgo** afirmou que se incluía na definición de tráfuga o feito de facer imposible ou dificultar a maioría no goberno, polo tanto, para el estaba bastante claro tamén que se podía falar de transfuguismo.

Recordou a continuación que **D. Juan José Cruz** dicía que non había chantaxes pola súa parte, pero que noutras ocasións o concelleiro non adscrito veu a dicir que, se non se apoiaba por exemplo, a súa moción das bandas, non votaría a favor de outros asuntos. Iso para el era chantaxe.

Tampouco consideraba que houbese colaboración nin confianza, porque o concelleiro non adscrito falou en prensa antes que co grupo de goberno, e palabras que dixo en prensa non as consideraba verdade, como o feito de que se maltratase a súa familia por parte do Sr. Alcalde, o cal para o edil delegado era totalmente falso.

Aínda que había xente que consideraba que o concelleiro non adscrito era valente, por poñerse en contra do grupo de goberno, consideraba que unha persoa valente era a que facía algo de xeito responsable. Pero non o era o concelleiro non adscrito, o cal levantaba a man e tumbaba a capacidade de investimento do goberno. A pesar de que o concelleiro non adscrito manifestaba que traballaba por tódolos lalinenses, en realidade só traballaba para uns poucos. Pola contra, o goberno traballaba para todos. Realizar propostas só para un grupo e cunha chantaxe non era xusto para todos os lalinenses.

Pedi novamente que se explicase cal era a razón exacta para deixar o goberno e consideraba que era mellor intentar ser máis construtivos e deixar estes debates, que só perseguían desgastar o goberno. O compromiso do goberno seguiría sendo cos lalinenses polo que pediu que deixase paso e que non se dedicase a impedir o seu traballo.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediu na súa nova intervención que o Concello e o Pleno de Lalín non lexislasen onde non tiñan competencia e que se tivese en conta a lei sobre medidas para a modernización do goberno local, norma que foi aprobada pola práctica totalidade dos partidos e que se respectase a vontade dos cidadáns que votaron en listas cerradas e bloqueadas.

A mesma lei que regularizou o transfuguismo outorgáballe dereitos que quería que se lle respecten polo ben dos lalinenses.

Defendeu que el non tiña poder económico nin potestativo e que non estaba podendo cumprir cos seus deberes como Concelleiro.

Da entrevista no Diario de Pontevedra precisou que falarían diante do xuíz, se fose o caso.

Respecto ao dito de gobernar para uns poucos, cría que todos os concelleiros gobernaban para todos e pediu que se respectase que el tamén gobernaba para todos. Pediu ao Pleno que acatase as leis vixentes.

Dende o PP, de novo **D. Manuel Fernández López** dixo que votarían en contra da moción porque era un problema entre eles e non tiña nada que ver co seu grupo. Fronte á abstención que pedía o Sr. Alcalde, dixo que votarían en contra.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuña Aparicio** referiuse á especialidade do Concelleiro non adscrito de xeito positivo e ao feito de que nunca pensaba que ía facer o que fixo. Presentouse por CxL e consideraba que se traizoou a súa confianza, ademais, ao ir á prensa con esa decisión. Dixo que a pesar de traizoar a confianza dos votantes de Compromiso por parte do Concelleiro non adscrito, o responsable último era el por levalo nas listas da formación que lideraba.

Consideraba que a carreira política do Concelleiro non adscrito non ía moito máis alá, porque por irresponsabilidade e pola falta da preparación dos temas só ía ser unha anécdota negativa na Historia de Lalín e os lalinenses xa llo reprocharían nun futuro.

Na moción pedíase:

1. Manifestar de forma explícita a máis rotunda repulsa e condena do Pleno do Concello de Lalín a calquera acto de transfuguismo, pola adulteración da vontade democrática dos cidadáns que supón este tipo de comportamentos.

2. Esixirle ao concelleiro Juan José Cruz García, que foi elixido e tomou posesión como concelleiro do grupo político de Compromiso por Lalín, que renuncie a súa acta de concelleiro para salvagardar a dignidade da representación das e dos lalinenses.

3. Reclamar ao resto de formacións políticas que non dean acubillo nin sustenten este tipo de actitudes rexeitando todas as iniciativas que presente o concelleiro Juan José Cruz García.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros do Pleno da Corporación, **REXEITOUSE** a moción.

11.- MOCIÓN DO PP PARA A SUPRESIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 19 de outubro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 8376.A continuación o Sr.

Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 24 de outubro de 2016.***

O debate e votación deste punto levouse a cabo no punto catro da orde do día como se recolle na presente acta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10) sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

O Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un dos impostos municipais directos que ten carácter potestativo e, por tanto, recae sobre cada entidade municipal a decisión de contemplalo dentro das súas ordenanzas para pasalo ao cobro aos veciños. Neste imposto tributan os bens de natureza urbana, non os de rústica, e exclusivamente polo valor do solo, non das construcións.

Nos orzamentos do ano 2015, preparados polo equipo do Partido Popular, xa se daba o primeiro paso de cara á eliminación das plusvalías ca bonificación do 50 % para o caso das herdanzas de vivendas habituais.

No programa electoral do Partido Popular ás municipais de 2015, recollíase a supresión deste imposto aos veciños do Concello de Lalín e, no debate previo aos orzamentos de 2016, o grupo municipal do Partido Popular volveu a defender, xunto a manter o IBI ao 0,4, a supresión deste imposto.

O imposto de plusvalías é un obxecto de tributación local que conta xa cun amplo recorrido adverso nos tribunais superiores que recollen dúbidas sobre a existencia actual da citada plusvalía do solo que da nome a este Tributo. Nun momento como o actual, no que o valor real dos bens inmobiliarios se reduce pola propia dinámica do mercado e o estado da economía e no que os valores catastrais están a subir, resulta paradóxico, por non dicir improbable, a presunta existencia de plusvalías do valor do solo, que de darse só o fai en casos moi puntuais.

Por todo o exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Suprimir o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, e derogar a Ordenanza Fiscal Nº 5 do Concello de Lalín, Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, por tratarse, á vista da situación actual do prezo do valor do solo, dun imposto que implica unha tributación por unha plusvalía que só

existe na actualidade en casos moi contados.

12.- MOCIÓN DO PP SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN AO PLENO DAS COMPETENCIAS CEDIDAS NA SESION DE 3 DE XULLO DE 2015 Á XUNTA DE GOBERNO.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 19 de outubro de 2016 presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 8350. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de outubro de 2016.***

O grupo propoñente manifestou a súa vontade de retirar a moción.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio*, propuxou tratar o tema en Xunta de Portavoces para chegar a consenso.

A Presidencia **RETIROU A MOCIÓN** a petición do grupo propoñente.

13.- MOCIÓN DO SR. CONCELEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO AXUDAS ECONÓMICAS PARA AS CATRO BANDAS DE LALÍN.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 19 de outubro de 2016 presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 8338. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de outubro de 2016.***

Defendendo a moción, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, dixo que tivo que modificar a moción que presentou co grupo ao que representaba noutro Pleno, no cal, ademais, dende o goberno demostraron que non había vontade de defender as Bandas ao non apoiar a moción.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio* interviu neste punto para dicirlle ao Concelleiro non adscrito que, á hora de falar, estaba continuamente facendo referencia ao grupo ao que representaba, pero non representaba a un grupo porque era un único Concelleiro non adscrito. Esta era unha cuestión formal á hora de intervir no Pleno.

Se representaba a un grupo, o pobo de Lalín tiña dereito a saber a quen representaba, porque no caso do grupo de goberno, era público e notorio cal era o seu grupo de traballo e no caso do PP, tamén.

No caso do Concelleiro non adscrito ninguén sabía cal era o seu grupo de traballo ao que se refería continuamente, polo que lle pediu ao Concelleiro que especificase cales eran os membros de dito grupo.

O Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* respondeu que non ía contestar a esa pregunta e dixo que ía continuar coa defensa da moción para solicitar axudas

económicas para catro bandas de Lalín.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** díxolle que non lle ía dar leccións nin ao grupo de goberno nin ao grupo popular de defensa das bandas.

D. Juan José Cruz García continuou xustificando que se desen as axudas para as bandas con carácter urxente, alegando que a situación cambiara e que facía anos podían deixar ingresos para gastos xerais, pero a día de hoxe, non o podían facer e algunha das bandas estaba pasando momentos moi complicados a nivel económico.

O feito de que o PP apoiase a moción subsanaba o feito de dende o Partido Popular se lle retirasen as axudas económicas ás bandas facía uns nove anos.

Tivo que modificar a moción para que os criterios da subvención fosen máis competitivos e pediu poder estar na elaboración das bases cos técnicos municipais. Tamén pediu que non se esixise para a concesión da axuda que se actuase en festas patronais e que houbera unha partida específica para bandas que se metese no capítulo IV para gastos correntes e no capítulo VII para investimentos. Solicitou que as Escolas de Música fosen tidas en conta á hora da baremación dos criterios de concesión.

Pediu o apoio do goberno para aprobar a moción.

Dende o grupo popular, **Dª Raquel Lorenzo Fernández** manifestou que estaban de acordo co que se pedía na moción e polo tanto, votarían a favor.

Dende o grupo de goberno, **Dª. Lara Rodríguez Peña** comezou preguntando cal era o erro histórico ao que se referira na súa exposición, e o *Concelleiro non adscrito* contestoulle que foi a retirada das axudas que normalmente se daban para as bandas por parte do goberno do Partido Popular e tamén o feito de que xa non tivesen o mesmo número de actuacións que tiñan antes as bandas de música.

A *Concelleira delegada de Cultura* volveulle preguntar porque se retiraran as axudas que se daban, cal era o motivo real, e o *Concelleiro non adscrito* non contestou.

Dª. Lara Rodríguez Peña díxolle que esas axudas eran de 1.000 euros por agrupación e ao final foran máis de 100.000 euros aproximadamente, entre as anos 1996 e 2004, a repartir entre as Bandas de Lalín, MUimenta e Vilatuxe, e retirouse a axuda non só pola crise económica como dicía o *Concelleiro non adscrito*, senón porque era un Convenio ilegal segundo un Informe do Consello de Contas no que declaraba ilegal ese Convenio porque ser contractual.

O Concello daba unha cantidade de cartos ás Bandas que a cambio, actuaban tres veces ao ano de maneira gratuíta. Era case como contratalas polo que o erro histórico era que ese Convenio non se podía ter levado a cabo.

Pediulle maior dilixencia á hora de informarse para traer cuestións ao Pleno e alegrábase de que o grupo de traballo e asesores do *Concelleiro* tivese mellorado, posto que a primeira moción sobre este mesmo tema tiña moitos erros importantes e agora vía unha moción mellorada, sen tantas ilegalidades, pero si con moitas eivas.

Pediulle que, ao formar parte do eido cultural e de educación, mellorase a linguaxe á

hora de redactar as mocións porque cometía moitos erros ortográficos e gramaticais.

Fixo alusión á parte da moción na que dicía que algúns escritos que lle fixeron chegar ao Concelleiro non adscrito, comentaban que as bandas recibían axudas a cambio de tres actuacións ao ano e iso era o mesmo que acababa de dicir a Concelleira. Parecíalle irrisorio que se pedisen actuacións a cambio das axudas ás bandas porque era ilegal.

Referiuse de novo ás melloras introducidas polo grupo de traballo do Concelleiro non adscrito porque descoñecían quen formaba parte de tal grupo.

Afirmou que nunca se deixou de apoiar ás bandas de música dende o goberno actual e sostivo que de feito sempre lle axudaron cando xurdiu a ocasión.

Criticou que só se fixese a proposta para as bandas de música e non para outros colectivos, e ademais, que se tardase un ano en facer a moción e que tivera que facela ben por segunda vez.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* contestoulle que se limitase a gastar 26.000 euros no Cocido do Orgullo Gay, que el xa se encargaba de conseguir 62.000 para axudas para as bandas.

O *Sr. Secretario* interviu para dicir que no punto segundo da moción cando se dicía que o propoñente da moción pedía participar na elaboración das bases da subvención, tal petición non encaixaba coa tramitación administrativa porque os técnicos eran os que tiñan que elaborar ditas bases, non os políticos.

De seguido produciuse un debate ao respecto da participación do Concelleiro non adscrito no proceso de elaboración das bases das subvencións. Este manifestou que o que propuña era poñer a súa experiencia a disposición do Concello e non tiña impedimento en non estar presente se non era legal.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuña Aparicio* contestoulle que non ía estar na elaboración das bases porque non era un traballo dos políticos senón dos técnicos. Defendeu que o goberno apoiaba as bandas sempre e continuaríao facendo, con independencia de que se aprobase ou non a moción, e sabía que os membros das bandas non eran favorables ao Concelleiro non adscrito, como el dicía, e que ademais lle ía crear problemas en relación con outras subvencións ao aprobarse esta moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

As bandas de música constitúen dende antano unha das sinais de identidade de Galicia, pero especialmente de Lalín, estando o noso Concello entre os galegos con máis músicos proporcionalmente aos habitantes e con máis tradicións de formacións musicais de música de banda.

Unha tradición musical e bandística que gañou aínda máis pulo nos últimos anos en Lalín co rexurdimento de formacións que caeran no esquecemento do tempo e que volven a formar parte da nómina de bandas populares de Galicia.

Proxectos rexuvenecidos e en pleno auxe como os da Lira de Prado e Muimenta e o empuxe que experimentaron na última década as bandas de Lalín e Vilatuxe, conforman un panorama bandístico en Lalín de primeiro nivel, sendo o Concello con máis bandas da comunidade, agás o caso excepcional de Vigo con escasa comparativa con Lalín dados os seus 300.000 habitantes.

Proxectos reverdecidos e reimpulsados que permiten contar con espléndidas bandas de música coas que manter viva a nosa máis profunda tradición musical, pero tamén contar cunha importante canteira de novos músicos que darán continuidade as nosas bandas, desenvolvendo ao tempo unha importante labor social e cultural formando as novas xeracións.

Ao traballo que levaron a cabo pola difusión musical as nosas bandas, engadiuse xa entrado o século XX e con continuidade no XXI o nacemento de agrupacións corais que permitiron incrementar e difundir outros estilos de músicos de dar a coñecer composicións e pezas que moito teñen que ver tamén ca nosa historia e ca música galega e da fora de Galicia. Agrupacións corais que reúnen a un importante grupo de veciños e que con esforzo conseguiron consolidarse.

Parece lóxico que un destes sinais de identidade do noso pobo e tamén a espléndida labor social e cultural, que levan a cabo a través das distintas escolas de formación musical, teña que estar apoiada polo Concello para a súa supervivencia.

Tendo en conta que o Concello de Lalín está a facer acotío expedientes de modificación de crédito e polo que entendo que se debería contemplar no primeiro que se faga por esta Corporación e no mesmo se destinasen recursos a potenciar as nosas catros bandas, as escolas de música e as corais mediante axudas específicas que redundasen na súa viabilidade de cara o presente e futuro.

As bandas están a pasar por un dos momentos de máis traballo cultural e pedagóxico pero os tempos cambiaron, xa non son quen de volver os tempos no que unha banda de música podía chegar a ter case que 100 actuacións remuneradas coas que financiarse, a día de hoxe os gastos multiplícanse, xa que os instrumentos que esixen os avances dos alumnos son moi custosos (por exemplo os instrumentos de percusión, instrumentos graves, etc) que son realmente inalcanzables para os bolsillos dos seus pais, se ademais recibimos as críticas das xerencias das bandas que o noso Concello demanda múltiples colaboracións son remuneradas (cando fai tempo recibían 9.000 euros) que foron retirados coa chegada da crise, algún dos escritos que me fixeron chegar di: *“De la anterior corporación las bandas de música llegamos a percibir 9.000 euros a cambio de 3 actuaciones al año (conciertos, procesiones, festividad Sta. Marta, Fiesta de la IIIª Edad, etc.), pero hasta el momento a excepción del*

mencionado concejal no adscrito, ningún membro del presente goberno local ha contactado con esta agrupación par tratar temas relacionados con la continuidade de dicha subvención. Por todo lo expuesto y con la crisis que estamos padecendo las bandas de música por falta de actuaciónes, esperamos que dicha moción en favor de la cultura lalinense triunfe y tenga respaldo de todos los políticos locales, porque las agrupaciones musicales pueden ser centenarias pero cuando no hay apoyos económicos también corren el riesgo de desaparecer en meses o en días y no volver a renacer como ya ha sucedido con decenas de bandas lalinenses que se encuentran en el limbo del olvido”.

Non esquecer o traballo das corais do que boa mostra temos nestas datas próximas co festival de outono e o seu traballo pola pedagogía coral, a labor cultural no pobo de Lalín.

Tipo de gasto que se quere subvencionar:

Participación en festivais e certames de bandas de música, campamentos musicais, dotación de mobiliario para os auditorios e aulas de escola de música (nunca se deu mobiliario), estanse valendo de cousas vellas e deterioradas, gastos de calefacción, custes dos ensaios, desprazamentos a festivais e competicións, repertorio (partituras, audicións varias), compra de instrumental, reposición de uniformes,(teña en conta o pleno a dificultade de algunhas familias), nóminas de traballadores e seguridade social.

Polo anteriormente exposto **o Pleno da Corporación acordou:**

1.- Elaborar unhas bases para articular axudas ou calquera fórmula viable dende o punto de vista técnico-administrativo que permita distribuír con cargo á primeira modificación de crédito ordinaria que se faga a cantidade de 62.000 euros (con cargo á citada transferencia), e crear unha nova aplicación ou apartado orzamentario específico para as bandas, escolas de música e corais.

2.- Elaborar unhas bases para que mediante concorrencia competitiva poidan pedir os colectivos citados a subvención e sexan aprobadas.

3.- Que as axudas, con cargos á mencionada transferencia, que se abordan na presente moción, sexan unha achega a maiores das que xa estaban contempladas para as distintas formacións musicais, como as que perciben por actuacións como os Concertos na Rúa, Concertos de Nadal, etc..

4.- Que as axudas que se propoñen en ningún caso leven aparelladas a esixencia de actuación nas festas parroquiais ou patronais.

5.- Que unha vez que entre en vigor a modificación de créditos teñan que aprobarse as bases reguladoras da concesión da subvención.

6.- Habilitar dúas partidas orzamentarias, unha no capítulo 4 para gastos correntes de 12.000 euros e outra no Capítulo 7 para investimento de 50.000 euros.

14.- MOCIÓN DO SR. CONCELEIRO NON ADSCRITO PARA REPROBAR AO GOBERNO O USO PARTIDARIO DA PÁXINA WEB OFICIAL DO CONCELLO DE LALÍN E DOS SEUS PERFÍS OFICIAIS NAS REDES SOCIAIS.

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro de entrada municipal o día 19 de outubro de 2016 co número 8339. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 24 de outubro de 2016.***

Na defensa da moción, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, explicou que intentaba facer ver que se estaba facendo un uso partidario das redes sociais, así como da páxina web do Concello de Lalín, considerando que non era fácil acceder ao apartado dos contratos menores, dos procesos selectivos ou adxudicacións. Para el había unha falta clara de transparencia.

Consideraba que non se cumpría sempre a lei e solicitou que se lle recoñecesen os seus dereitos a acceder a todo o que a lei lle outorgaba dereito.

Nas redes sociais do Concello compartíanse perfís privados, o que consideraba tremendamente criticable e consideraba que o peor foi a crítica que lle fixeran cando organizou o Bule Lalín, cunha parodia de Cincenta e Capitán Garfo.

Fixo referencia ás noticias que recollía na moción e defendeu que non era partidario dese uso, nin en contra nin a favor pola repercusión social.

Pediú que aclarase o Sr. Alcalde se o perfil era público ou privado e que non se empresasen os perfís públicos do Concello.

O *Sr. Secretario* interviu para dicir que na moción había que delimitar claramente a parte dispositiva para saber que era o que se ía acordar e votar. De feito na sesión comprobouse que non estaba completa a moción aportada e faltaba contido da mesma.

A Presidencia **RETIROU** a moción para que se completase o contido da mesma e se procedese á votación na seguinte sesión Plenaria.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.-

15.1. ROGOS.-

Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García.

1.- ROGO.- Solicita que se lle envíen os expedientes que pediú durante as súas intervencións no presente Pleno.

O *Sr. Alcalde* quedou enterado.

PP, Dª Paz Pérez Asorey.

1.- ROGO.- Tras comprobar que existía un atraso, en torno ao mes e medio, nas citas para a atención cidadá nos Servizos Sociais do Concello, e que tal atraso non se debía á existencia de prazos abertos que esixisen tempo para a tramitación, rogou que se desen as citas aos cidadáns con maior brevidade, xa que sabía de diversos casos reais que pediran cita e se lles dera atrasada como por exemplo un caso que se solicitou cita o día 26 de outubro, se lle dera para o 5 de novembro. Ademais tal atraso estaba tamén inxustificado, porque había máis persoal para a atención cidadá ao contar con outra traballadora social máis como bolseira da Deputación de Pontevedra.

Respondeu **D. Nicolás González Casares**, *Concelleiro Delegado de Servizos Sociais*, indicando que as demoras foron nos meses de agosto e setembro polas vacacións dos traballadores sociais, sumado ao feito de que cada cidadán prefería ser atendido polo traballador social que o levaba habitualmente, polo que se acumularon as citas un pouco. Aclarou que todas as demandas, sobre todo as urxentes, eran atendidas prioritariamente porque de feito a traballadora bolseira foi solicitada polo Concello para dotar de máis persoal aos servizos sociais, e estaba a ser a encargada de facer unha triaxe dos casos cubrindo deste xeito, un servizo que antes non había.

PP, D. Xosé Crespo Iglesias.

1.- ROGO.- Rogou ao goberno que non rexeitase a maior parte das peticións de información que solicitaban dende a oposición, porque de cinco solicitudes de información que realizaron ultimamente dende o seu partido, en catro Decretos que se lle notificaron, rexeitábanas por cuestións puramente formais.

O Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio dixo que, no seu momento o PP, daba informes en dous meses e medio, mentres que no goberno actual se estaban a dar en tempo récord.

D. Nicolás González Casares engadiu que ademais en moitas ocasións o procedemento sobre o cal solicitaban información non estaba rematado e polo tanto, ese era o motivo polo que non se podía dar o acceso á información solicitada.

O Sr. Secretario entendi para dicir que en concreto cunha petición de información sobre as cámaras de vídeo vixilancia do Concello había varios defectos de forma, tales como que se dirixía ao Secretario o escrito e que non se aclaraba se era a instalación ou o visionado do que se quería obter información.

Precisou **D. Xosé Crespo Iglesias** que non era ningunha das dúas cousas o que pediran no seu escrito. Explicou que cando instalaran as cámaras no Concello houbera unha forte polémica co PSOE porque ese partido non quería que se instalasen as cámaras baixo ningún concepto e custara un ano poder legalizalas. Por iso pedían dende o PP o informe da Delegación do Goberno de

Galicia sobre as condicións para a autorización das Cámaras que se fixera naquel momento.

O Sr. Secretario consideraba que agora xa quedaba clara a petición, pero no escrito que presentou inicialmente o grupo popular, non.

O Sr. Alcalde dixo que con iso quedaba claro que non fora un criterio político.

2.- ROGO.- Pediulle á Concelleira de APAC, *D^a Lara Rodríguez Peña*, que fose sempre á hora de falar da legalidade e non só cando lle convida, porque na moción do Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García*, fixo referencia á legalidade; sen embargo na intervención do Pleno na que se referiu a Román Rodríguez, a Concelleira non lle deu importancia á legalidade.

A Concelleira Delegada, D^a Lara Rodríguez Peña quedou enterada.

3.- ROGO.- Pidiu ao Sr. Alcalde que reconducisen as relacións coa oposición, tanto co PP como co Concelleiro non adscrito, porque ao quedar en minoría aritmética, debían consensuar e pactar, sobre todo nos orzamentos.

O Sr. Alcalde dixo que sempre tenderan a man á negociación e aos pactos co PP pola alta porcentaxe de votos que tiveron e pola representación que ostentaban do pobo de Lalín; e tamén pactarían co Concelleiro non adscrito, se fose preciso.

4.- ROGO.- Facía un ano que, tras anular a Encomenda do Cocido o goberno actual, solicitaran os útiles que se empregaban na Encomenda, sobre todo o Libro de Actas, e tras preguntar tres veces por eles non os recibiron, polo que solicitou novamente que se lle entregasen ditos útiles pagados polo Concello para a Asociación que el mesmo presidía.

A Sra. Interventora dixo que non se podían dar sen máis porque era un investimento público.

O Sr. Alcalde indicou que, se fose factible, lle serían entregados nunha semana os ditos útiles, pero sempre que fose legal facelo.

15.2. PREGUNTAS.-

PP. D. Xosé Crespo Iglesias.

1.- PREGUNTA.- Formulou a seguinte pregunta con varios apartados, tal que:

a) Na acta da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2016 comprobaron que o grupo de goberno decidiu a contratación do avogado *D. Miguel Díaz* para efectuar a análise da actual RPT pola cantidade 20.570 euros. A pesar do coñecemento da presumible existencia

dun informe dos técnicos do Concello que indicaba que esta contratación se facía para non colapsar os servizos municipais. Preguntou: ¿Cal era o motivo polo que se recorría unha vez máis a asesores externos?.

b) ¿Por qué non se recorría como fixo o goberno anterior para a elaboración da actual RPT, aos Técnicos de Recursos Humanos da Deputación de Pontevedra, xa que non supuña custe para o Concello, aforrándose así os 20.500 euros da contratación?.

c) ¿Por que se contrata de novo un técnico, ao igual que xa se fixera coa persoa á que se lle encargou a elaboración da memoria no caso do ENIL, que tiña un marcado carácter político, xa que neste caso o avogado foi asesor de educación no goberno bipartito e logo asesor con *Pachi Vázquez*?.

Explicou que non se estaba a referir a que o avogado non fose competente, senón a que na Deputación había unha Xefa de Persoal que era a persoa máis competente no ámbito laboral en toda a Provincia de Pontevedra.

d) Preguntou tamén: ¿Que garante este avogado que non garanten os Técnicos Provinciais ou Locais á hora de elaborar a RPT?.

O Sr. Alcalde indicou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- ¿Cantos expedientes había parados no servizo de Urbanismo do Concello de Lalín porque recibiron queixas de veciños que pediron licenzas e nalgún caso había seis meses ou máis?.

Respondeu D. Nicolás González Casares que moitas veces nas que tamén se solicitaba unha licenza, había que facer requirimentos porque non cumpría a solicitude con tódolos requisitos legais, polo que podían producirse demoras. Ademais, a tardanza en relación a outros Concellos era debida a que había menos persoal que na Estrada por exemplo, polo que se contratou outro arquitecto para dar maior cobertura ao servizo de Urbanismo; á hora das tramitacións priorizábanse as solicitudes doutras Administracións Públicas e dos negocios de empresas. Aínda que houbera un certo atraso cando non había técnicos, agora había técnicos e estaba a facerse o traballo.

3.- PREGUNTA.- O goberno municipal anunciou o arranxo dunha serie de vías con cargo ao Plan Marco, e vendo as declaracións feitas polo Concelleiro de Medio Rural, preguntou se sabía este Concelleiro que Administración poñía en marcha e xestionaba o Plan Marco: ¿Por que na prensa fixo referencia a que era un Plan da Deputación cando non o era posto que era un Plan da Xunta de Galicia?.

O Sr. Alcalde dixo que as pistas as seleccionara el persoalmente.

O Concelleiro de Medio Rural, D. Miguel Medela Dobarro dixo que fora un erro.

4.- PREGUNTA.- Ante a aprobación xa facía un ano da proposta para que se elaborase un Libro de Decretos do Concello de Lalín: ¿cal era o motivo de que non se tivese feito aínda este Libro de Decretos?.

O Sr. Alcalde indicou que respondería por escrito.

5.- PREGUNTA.- ¿Que contías recibiron os medios de comunicación en calquera concepto dende que estaba a gobernar o actual grupo de goberno ata hoxe, especificando o importe e o concepto de tales contías?.

O Sr. Alcalde indicou que respondería por escrito.

E, sendo as catorce horas e cincuenta e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas